



Enxeñaría Sen Fronteiras

**Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia**  
**Memoria de actividades**  
**2011-2012**

## Índice

- 1 Quen somos?
- 1 A nosa base social e o bambú xaponés
- 4 Cantas persoas somos?
- 5 Sentir, pensar, facer - dous anos estratéxicos
- 6 Filosofía de voluntariado
- 6 O II Plan Estratéxico de ESF Galicia 2013-2017
- 7 As persoas contratadas
- 9 As persoas socias en Galicia
- 12 A Xunta Directiva
- 15 Cousas de aquí
- 15 Xeitos de facer: Os grupos de voluntariado e o coidado e formación das persoas
- 17 Comisión de Accións do Norte
- 18 Xeitos de facer: Tecendo redes
- 20 Educación para o desenvolvemento (EpD)
- 25 Sensibilización
- 30 Imos... e volvemos: os Programas de Coñecemento da Realidade (PCR)
- 34 Actuamos alá... Honduras!
- 34 Comisión de Programas de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (PICD)
- 35 As socias en Honduras
- 37 Os grupos de traballo de PICD
- 41 A equidade, un obxectivo clave para o desenvolvemento humano - grupo de xénero
- 42 Comunicación para o cambio social - grupo de comunicación
- 43 Ferramentas comunicativas de ESF Galicia
- 44 Dous grupos imprescindibles para unha boa xestión interna
- 46 Sedes e contacto de ESF Galicia
- 46 Agradecementos

A Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano comprende entender a técnica dentro do entorno cultural, político, social, económico e ambiental como unha ferramenta que se xera e que é xeradora e non como un fenómeno illado ou neutro. Incorporamos nos proxectos técnicas autóctonas e tecnoloxías apropiadas para non crear dependencias innecesarias e mitigar as existentes.

Cuestionamos o uso histórico da tecnoloxía apostando por unha tecnoloxía participativa e non excluínte que permita mellorar a calidade de vida, que promova e permita alcanzar a xustiza social e a equidade, sendo sustentable no tempo e ambientalmente.

Edita: Enxeñería Sen Fronteiras Galicia

Redacción: Esta memoria recolle a riqueza da base social de ESF Galicia, xa que foi creada de xeito colectivo por moitas das persoas implicadas nos procesos que fortaleceron a asociación nestes dous anos así como na planificación, execución e avaliación das actividades que se realizaron.

Fotos: Persoas voluntarias de ESF Galicia e ademais pág. 3 Tracy Zhang, pág. 43 Rene Asmussenfoto, foto portada Nigel Roe.

## 1 Quen somos?

Somos persoas voluntarias que dedicamos o noso esforzo de xeito altruísta a acadar un mundo mellor, poñendo a tecnoloxía ao servizo do desenvolvemento humano. O voluntariado convértese así no auténtico protagonista do cambio social e cultural que ESF persegue, pasando de ser un medio para alcanzar os obxectivos da ONGD, a un fin en si mesmo. Isto é así porque o traballo e a implicación das persoas voluntarias de ESF non só inflúen nas actividades concretas desenvolvidas desde a organización no eido da cooperación ao desenvolvemento, senón que tamén dotan dunha capacidade crítica, participativa, responsable e transformadora ás persoas que o realizan, tendo impacto directo no entorno social e cultural ao que pertencen, impulsando un desenvolvemento dunha sociedade máis sustentable, xusta e solidaria, en resumo, máis humana.

En Galicia, as persoas voluntarias de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia participan nos diferentes ámbitos de traballo da asociación: administración e tesourería, sensibilización e incidencia, programas de cooperación internacional, comunicación, sistemas de información, xunta directiva, voluntariado e formación interna.

## 2 A nosa base social e o bambú xaponés

Non hai que dedicarse á agricultura para saber que unha boa colleita, require dunha boa semente, bo abono e rego constante. Tamén é obvio que quen cultiva a terra, non se para impaciente ante a semente plantada nin grita con todas as súas forzas: "Medra, maldita sexa, medra".

Hai unha cousa moi curiosa co bambú xaponés, que o transforma en non apto para impacientes: plantas a semente, abónala e ocúpaste de regala constantemente. Durante os primeiros meses non sucede nada apreciable; en realidade non pasa nada coa semente durante os primeiros sete anos, a tal punto que unha persoa inexperta estaría convencida de ter mercado sementes estériles.

No tanto, durante o sétimo ano, nun período de só seis semanas, a planta de bambú medra máis de 30 metros. Tarda só seis semanas en medrar? Non, a verdade é que se toma sete anos para crecer e seis semanas para se desenvolver. Durante os primeiros sete anos de aparente inactividade, este bambú xera un complexo sistema de raíces que lle permiten soste-lo crecemento que virá despois.



Nestes últimos dous anos de actividade, ESF dedicouse a regar de novo as raíces da árbore que xa sementara hai case 20 anos. Os procesos de planificación estratéxica participativa, o avance na mellor xestión do voluntariado, o achegamento ás socias locais que traballan en Honduras e a aposta pola transparencia en todos os ámbitos; son algúns dos abonos que se foron preparando nestes dous anos para fortalecer á asociación e facela medrar cara a onde nós, as persoas que formamos ESF, queremos. Algúns grupos novos comezaron xa a brotar cargados de gañas, mentres que os máis asentados están a preparar novos camiños cara onde espallar as raíces. Moitos destes cambios están recollidos aquí, no presente documento: unha Memoria creada de xeito colectivo por moitas das persoas implicadas na execución das actividades que se realizaron nestes dous anos e dos procesos que se foron fortalecendo.

E todo isto, construído e traballado desde a base, porque os cambios transformadores só poden ser radicais, con “R” de raíz.

### 3 Cantas persoas somos?

**Voluntariado:** Rematouse o ano 2012 con 78 persoas voluntarias; 40 mulleres e 38 homes.

**Persoas socias** (que aportan a cota, tendo polo tanto dereito a voto nas asembleas): rematouse o ano 2012 con 196 persoas socias; 107 homes e 89 mulleres.

**Persoal remunerado:** Un home (técnico de proxectos) e unha muller (secretaria técnica a tempo parcial) en Galicia; e dúas mulleres en Honduras (unha técnica representante país e unha secretaria técnica con contrato hondureño a tempo parcial). Todo o persoal ten un contrato indefinido.

## 4 Sentir, pensar, facer – dous anos estratéxicos

### Que é unha planificación estratéxica?

A planificación estratéxica pode definirse como un enfoque obxectivo e sistemático para a toma de decisións nunha organización. Trátase dunha ferramenta que permite ás organizacións prepararse para afrontar as situacións que se presentan no futuro, axudando con iso a orientar os seus esforzos cara a metas realistas de desempeño.

Antes de iniciar o proceso de elaboración da II Planificación Estratéxica de ESF, unha das actividades claves a realizar era a **avaliación da anterior planificación** para establecer o grado de cumprimento da mesma e detectar posibles aprendizaxes. Agora ben, como facelo se non se deseñou ningún tipo de ferramenta para realizar dita avaliación?

No primeiro plan estratéxico de ESF, a través de varios obradoiros asemblearios de moita reflexión e moi enriquecedores, chegouse a establecer unha misión, valores, visión e unhas prioridades estratéxicas concretadas en obxectivos específicos. Pero faltou algo moi importante, aterrar esa planificación estratéxica dentro da planificación anual dos grupos de traballo de ESF e deseñar instrumentos para comprobar se se ía cumprindo o planificado detectando así posibles desviacións. Así e todo, para a Xuntanza e Asemblea de marzo de 2011, cos medios dos que se dispoñía, intentouse facer unha avaliación recompilando as opinións das persoas integrantes da Xunta Directiva daquel momento, de antigas vogalías e de persoas de certa traxectoria na asociación. Deste xeito, e tras presentar os resultados e as impresións, realizouse un debate onde se intentou chegar a unha serie de conclusións de cara a nova planificación:

- A Xunta Directiva non pensou senón que obrou; non liderou senón que xestionou. E delegou o seguimento da planificación co nomeamento dunha vogalía específica de Planificación Estratéxica, aínda que a propia planificación debía ser o documento de cabeceira de toda a Xunta Directiva.
- Ao non estar aterrada a planificación, o voluntariado viu a planificación como algo afastado, abstracto e pouco motivador.
- Sen embargo, as definicións e valores foron referencias para toda a asociación.
- En canto ás prioridades, cumpríronse en grande medida (puntuacións de tres sobre catro), polo que moitos dos obxectivos tamén tiveron rangos de cumprimento aceptables; iso si, segundo as valoracións, ningún se acadou totalmente.

En definitiva, **a sensación xeral é que a planificación se foi cumprindo**, en parte porque foi unha planificación moi interna, que non era innovadora nin transgresora, senón que respondeu á forte pegada que deixou o proceso de reflexión dentro da asociación.



## 5 O II Plan Estratégico de ESF Galicia 2013-2017

O 17 de novembro de 2012 aprobouse na segunda Asemblea anual de ESF Galicia a nova Planificación Estratégica da asociación. Tratouse dun proceso laborioso, realizado pola práctica totalidade das persoas que conforman a entidade, asumindo distintos graos de participación. Para dinamizar este proceso creouse unha Comisión formada por sete persoas encargada da coordinación, recompilación e elaboración de enquisas para a base social. Os distintos grupos de traballo de ESF, situados nas distintas sedes territoriais concretaron os obxectivos estratéxicos e específicos das diferentes liñas de traballo da asociación. Os obradoiros para definir prioridades, revisar e aprobar o documento realizáronse en espazos asemblearios e colectivos. Así, en todo momento respectouse o valor participativo e democrático que orienta o quefacer de ESF, xa que esta Planificación pretende ser un documento de referencia real da organización.

O novo Plan Estratégico revisa a definición e **misión de ESF**, acordando o seguinte enunciado:

**ESF é unha asociación independente sen ánimo de lucro baseada no voluntariado, que busca construír unha sociedade mundial xusta e solidaria mediante a cooperación para o desenvolvemento e poñendo a tecnoloxía ao servizo do desenvolvemento humano**

O documento integro da Planificación Estratégica 2013-2017 atópase na wiki de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia xunto con diferentes anexos de análise, DAFO, debates, matriz estratéxica e organigrama ([http://esf.gpul.org/Organización\\_interna/Planificación\\_estratéxica\\_2013-2017](http://esf.gpul.org/Organización_interna/Planificación_estratéxica_2013-2017)).



## 6 Filosofía de voluntariado

Entendemos ás persoas voluntarias como axentes de transformación social que constitúen una forma de cambiar o mundo. Búscase a participación activa do voluntariado, perseguindo que este sexa comprometido e que aporte pensamento crítico.

En ESF non temos voluntariado, senón que **somos voluntariado**. A asociación é as persoas que a conforman, coas súas diferentes ideas, habilidades, iniciativas e inquietudes: uns obxectivos comúns e o apoio mutuo que nos axuda a camiñar para conseguilos. O voluntariado é o motor da asociación, sendo incluso a dispoñibilidade das persoas voluntarias as que marcan o **ritmo de traballo**, os temas polos que a asociación avanza, e os proxectos da asociación en todos os seus sentidos. O proceso dunha persoa voluntaria busca que se converta nun **cambio**.

Buscamos que as persoas reflectan o seu paso en ESF como unha actividade importante que lles axuda a madurar e medrar como persoas. Por iso fomentamos a sensibilidade sobre os problemas do

mundo, o acceso a novas fontes de información, o afondamento en temas claves, as opinións compartidas con outras persoas: buscando producir na persoa unha transformación que leve cambios tanto no seu pensamento como na súa forma de actuar, sempre desde o **pensamento crítico**.

Transmitímonos mutuamente **responsabilidade e iniciativa**. Admitimos as ideas e iniciativas dos demais e admítense as nosas de cara ao futuro. Isto tamén implica un certo compromiso en ser capaz de levar a cabo a iniciativa proposta. Neste sentido, a responsabilidade de ser coherente coa idea proposta e o compromiso de levala a cabo é unha actitude que adoitamos transmitir.

En ESF foméntanse valores de tipo organizativo que se visualizan na nosa forma de traballar, isto apórtalle á persoa voluntaria unha serie de recursos que lle axudarán a adquirir capacidades relevantes de cara a calquera tipo de ocupación. O traballo en equipo é moi importante neste aspecto; a experiencia ensínanos que as cousas feitas en grupo poden custar máis, pero adoitan contar cun desgaste menor, maior aporte persoal e adoitan representar moito mellor a ESF.

Creemos que o traballo en grupo, a formación en habilidades e coñecementos, o pensamento crítico e a vontade de querer facelo sen ningún beneficio económico, permiten que as persoas voluntarias podamos facer **cousas de grande calidade**.

## 7 As persoas contratadas

O persoal remunerado en ESF ten un papel de **apoio** aos grupos de voluntariado, tanto en **asesoramento** en diversos temas técnicos e de xestión como de execución de tarefas que teñen asignadas no perfil do seu posto. Dúas persoas traballaron no 2011-2012 en Galicia e unha como representante país en Honduras. A finais de 2012 houbo un relevo da persoa en Honduras. Ademais Claudia Pineda traballa con contrato hondureño a tempo parcial como secretaria técnica. Elas e eles cóntannos por que traballan en cooperación, por que o fan en ESF e aportan unha valoración persoal do seu papel na asociación.

**Paola Mondaca González** secretaria técnica en A Coruña


O que aprendín nestes 12 anos fixeno desde outra perspectiva respecto ao que se adoita pensar que é a Cooperación Internacional; no meu caso, o traballo estaba vinculado directamente co voluntariado e coa universidade. Síntome afortunada, debo de ser das poucas persoas que ten un traballo que lle gusta, con flexibilidade horaria, con bos compañeiros, un traballo no que se aprende cada día. Desde o meu "posto laboral" teño que mellorar o contacto coas outras sedes. Facer ver que son un apoio para todas. Tamén creo que é importante que as persoas que entren en ESF teñan unha formación interna, que lles permita ter unha visión real da asociación e que lles faga ver a "responsabilidade" que asumen ao entrar en ESF.

**Cristina Sesto Yagüe** nova técnica de programas de cooperación internacional en Honduras

O meu papel de contratada en ESF (que comezou hai un mes) é o de representar á asociación en Honduras, facendo de enlace entre os grupos de voluntariado de proxectos de ESF en Galicia e as socias locais. Para elo, dáse seguimento ós proxectos nos que ESF participa na área do Golfo de Fonseca en Honduras, nas temáticas de abastecemento de auga e saneamento e de soberanía alimentaria. Ademais, trátanse de establecer redes nacionais e internacionais entre organizacións e institucións para favorecer a aparición de sinerxias.

**Sergio Fernández Alonso** técnico de proxectos en A Coruña

ESF foi o meu primeiro contacto coa cooperación para o desenvolvemento, onde comecei como voluntario e onde sempre desenvolvin o meu labor tamén como liberado, tanto en proxectos internacionais como actualmente como técnico de proxectos en Galicia. Síntome moi a gusto na asociación tanto polo fin que se persegue como polo xeito de buscalo, xa que eu valoro moito a coherencia nas institucións. Ademais o feito de "ser da casa" fai que dende o principio me sentira moi involucrado no desenvolvemento e traxectoria da organización. ESF é moito máis que un traballo, que ademais me permite canalizar o meu interese pola innovación e a economía social. Destacaría nestes dous últimos anos de traballo o apoio á consolidación do traballo das accións en Galicia como un programa estruturado co fio integrador da tecnoloxía para o desenvolvemento humano ou o reforzo nas accións de comunicación externa. Tamén nestes dous anos foi importante o apoio na Comisión de Incidencia da Coordinadora Galega de ONGD.



**Fotografía 2.**  
Victor Penas López, tarefas de representación de ESF Galicia en Honduras.

**Victor Penas López** técnico de programas de cooperación internacional en Honduras ata 2012

O ideal sería que non fixesen falta persoas contratadas. Partindo disto creo que é importante o apoio e dinamización dos grupos de voluntarias nos momentos baixos destes, e asumir de determinadas tarefas burocráticas nas que en certo modo pode ser menor a relevancia do voluntariado coma fin en si mesmo.

**GRAZAS!  
QUE FARÍAMOS SEN VÓS!**

## 8 As persoas socias en Galicia

### Cremos no asociacionismo

Consideramos o asociacionismo unha ferramenta imprescindible, tomando como base a participación social de cada un dos seus membros (persoas voluntarias, socias e socios, persoas contratadas, doantes, socias locais, etc.). Así, por medio do compromiso, o traballo e a participación dentro das actividades da asociación, perseguimos a transformación da sociedade para acadar a nosa misión.

Como asociación que é, o máximo órgano decisorio de ESF Galicia é a **Asemblea Xeral de persoas socias**. Nas Asembleas teñen voto só as persoas socias, que son as que pagan a cota da asociación. Pode haber persoas socias que non sexan voluntarias (non participando polo tanto no día a día do traballo da asociación), ou persoas voluntarias que traballan e propoñen actividades pero que non sexan socias.

Anualmente, coincidindo con dúas das Asembleas, resérvase un espazo de formación interna da base social. O conxunto de Asemblea e Obradoiros chámase Xuntanza. As sedes organizadoras das últimas catro Xuntanzas ofrécennos un resumo dos acontecementos.

### Lugo, marzo de 2011

Facía moito tempo que a sede de Lugo non organizaba unha Xuntanza de ESF Galicia. Pese ao reducido número de persoas voluntarias e á escasa experiencia da maioría delas, non se dubidou á hora de aceptar e propoñer a súa organización. Finalmente, a primeira Xuntanza do 2011 tivo lugar os días 26 e 27 de Marzo en Lugo. A súa organización correu a conta do voluntariado da sede de Lugo, aínda que se veu moi facilitada pola axuda e indicacións das persoas máis veteranas dentro de ESF, grazas!

Cando arrincou a primeira mañá da xuntanza, eramos uns 20 compañeiros e compañeiras, número que se mantivo durante toda a fin de semana. O ambiente foi xenial desde o principio, incluso se fixeron algunhas dinámicas de presentación para coñecernos o pouco mellor entre todos e todas. Pola mañá traballouse nunha serie de dinámicas sobre o "Sistema ESF", no que ían saíndo todas aquelas relacións de ESF dentro de cada sede e a nivel global para ver como funcionan e se interrelacionan entre elas. Seguiuse coa **análise histórica da asociación** que deu lugar a unha interesante posta en común. Despois dun enerxético café, tocaba traballar na **avaliación da anterior planificación estratéxica**. O tema foi un pouco controvertido, pero se chegaron a boas conclusións para seguir co proceso. Pola tarde aínda quedaba o máis interesante, a **Asemblea** da base social "ESFeira" sobre diferentes aspectos da orde do día. Para rematar a xornada, unha última dinámica, "o termómetro", no que se fixeron unha serie de microdebates moi divertidos.

Coa chegada da noite, recuperáronse algo os folgos e partiuse cara o restaurante para proseguir coas tan famosas vertebracións de ESF. Foron momentos para seguir coñecéndonos un pouco máis entre todos e todas, mentres ía pasando a noite e as conversas. O domingo pola mañá, nada máis quedaba que a despedida e as apertas citándonos para a seguinte xuntanza, para nela seguir medrando coma asociación e grupo de persoas.

#### Ferrol, novembro 2011

A última Xuntanza do ano 2011 tivo lugar en Neda, e foi organizada polo incipiente grupo ferrolán, que, cun número reducido de persoas voluntarias conseguiu organizar unha Xuntanza chea de contido. O sábado pola mañá realizáronse varios obradoiros de traballo sectorial no que se levaron a cabo intercambios de metodoloxías, experiencias exitosas e leccións aprendidas. Posteriormente, iniciáronse os debates estratéxicos sectoriais e intersectoriais nos que se intentou responder ás preguntas “*Que estamos facendo nas distintas áreas de traballo?*” e “*Que é o que deberíamos facer?*”. Pola tarde tivo lugar a **Asemblea Xeral** de socias e socios seguida da imprescindible vertebración.

O domingo comezouse o día co relato de dúas experiencias persoais de dúas persoas voluntarias en **Palestina** que falaron da historia e da situación actual do conflito. Na segunda metade da mañá realizáronse unha serie de **reunións operativas** por grupos de traballo.

#### Vigo, abril de 2012

A Xuntanza comeza oficialmente o venres 13 de abril, ás oito da tarde en Vigo, aínda que para os membros da sede local comeza unhas semanas antes. O espazo elixido foi o Albergue Internacional no Val Miñor (Gondomar), un espazo cooperativo creado para ofrecer servizos turísticos de aloxamento e ocio.

O venres tivo lugar unha **reunión das persoas responsables de voluntariado** de toda a asociación na que se puxo en común a situación de cada unha das sedes no relacionado co número de persoas voluntarias, coas necesidades formativas detectadas e cos conflitos existentes en aras de solucionarlos. O sábado, xa no albergue de Gondomar, comezamos o día cunha **formación sobre o traballo en equipo** dinamizado pola empresa especializada en formación Qcoach na que nos fixeron reflexionar sobre como se debe traballar en grupo a través de varias dinámicas de grupos. Pola tarde tivo lugar a **Asemblea Xeral** de socios e socias na



**Fotografía 3.**  
Obradoiro na Xuntanza de ESF Galicia, centro de educación medioambiental As Corcerizas, Ourense.

que cómpre destacar a modificación da Xunta Directiva. A partir das dez da noite comezaron a cea e a vertebración, con queimada incluída!

O domingo pola mañá celebrouse o **obradoiro sobre Planificación Estratéxica** co obxectivo de continuar co traballo feito nos grupos nas semanas previas e seleccionar as liñas estratéxicas de cara os próximos anos.

#### Ourense, novembro de 2012

Desde a conclusión da xuntanza de marzo de 2012 propúxose á nova sede de Ourense como organizadora da seguinte, que tería lugar en novembro, para dar a coñecer os obxectivos da sede e integrarse desta maneira no funcionamento global de ESF Galicia. Unha das primeiras propostas foi aprobada por unanimidade e quedou confirmada a idea de organizar a xuntanza nas Corcerizas, un centro de educación medioambiental que existe na serra de San Mamede a 40 quilómetros de Ourense.

A Xuntanza desenvolveuse con total normalidade e os participantes chegaron sen maior problema. A **Asemblea Xeral** foi considerada un éxito de asistencia, xa que participaron nela un total de 36 persoas, incluíndo dous compañeiros portugueses de Enxeharía sen Fronteiras que foron invitados para coñecer o funcionamento e ós integrantes da nosa asociación.

As actividades previstas tiveron lugar case todas e a participación foi bastante boa, asistindo aos obradoiros de formación do sábado pola mañá unhas 20 persoas. Estes obradoiros deron comezo co tema **Enfoque de xénero en ONGD**, e a continuación un voluntario e unha voluntaria participantes dun Proxecto de Coñecemento da Realidade (PCR) en Honduras, explicaron a súa experiencia. O domingo de mañá foi o momento de discutir a estratexia de traballo en rede da asociación, promovéndose un debate moi interesante arredor da utilidade de pertencer a unha federación, e sobre o papel que xogan as voluntarias e voluntarios en ESF Galicia. Mais tarde houbo tempo, aínda que xusto, para a presentación da **memoria do Foro internacional da Auga**.

Desde a sede de Ourense quedamos satisfeitos coa organización desta Xuntanza e estamos desexando participar nas seguintes, que quedou por votación asignada á sede de Santiago, moito ánimo e alí nos vemos.

## 9 A Xunta Directiva

### Actividades da Xunta Directiva en 2011

#### Decisións relevantes

Aprobouse a sinatura de diversos convenios de colaboración con outras entidades (CartoLab, Arquitectos Sen Fronteiras...) e a presentación da entidade a subvencións públicas. Á marxe disto, hai que destacar a **aprobación dunha prórroga por un ano para a Planificación Estratéxica 2008-2011**. Esta decisión tomouse debido ao estancamento no proceso de revisión e actualización do plan, e co compromiso por parte da base voluntaria da asociación de elaborar e aprobar a nova Planificación Estratéxica antes do fin do 2012.

#### Manifestos aprobados no 2011

Aprobouse un manifesto pola **Soberanía Alimentaria**, proposto polo grupo de Desenvolvemento Rural. A Soberanía Alimentaria é o dereito dos pobos a alimentos nutritivos e culturalmente adecuados, accesibles, producidos de forma sostible e ecolóxica, e o seu dereito a decidir o seu propio sistema alimentario e produtivo.

#### Resumo de votacións e decisións na Asemblea de marzo de 2011

Ratificáronse, como é habitual, os distintos acordos tomados pola Xunta Directiva nos meses previos. Sen dúbida o punto máis importante foi a **reflexión sobre a participación en ESF das persoas voluntarias**, especialmente nos eventos comúns a toda a asociación. Víñase observando un ambiente xeral de desmotivación, e conclúese que o papel da Xunta Directiva é chave para conseguir a implicación de todas as persoas e sedes no traballo diario de ESF.

#### Resumo de votacións e decisións na Asemblea de novembro de 2011

Houbo dous debates principais. O primeiro referiuse á **situación da Xunta Directiva**, posto que non estaba a funcionar como o grupo dinamizador da asociación que debería ser. Todos coincidimos na importancia da motivación das persoas voluntarias á hora de asignarlles tarefas, e en como esta implicación é especialmente importante nun grupo que a miúdo representa a toda a base social e voluntaria de ESF Galicia. O segundo debate xirou en torno á **Planificación Estratéxica de ESF Galicia**. O proceso de elaboración do novo plan demorouse máis do previsto, e de novo identificouse unha falta de participación preocupante por parte das persoas voluntarias da asociación. Establecéronse responsables e prazos para a dinamización do proceso.

É o grupo que fai a toma de decisións operativa no día a día da asociación. As persoas rótanse cada dous anos no grupo, de acordo cos estatutos.

#### En marzo de 2011 tivo lugar a seguinte transición:

**Presidencia** | Inés Mera Rico

**Vicepresidencia** | Ángel González Peña

**Secretaría** | Sabela Pan Taboada

**Tesouraría** | Alfonso García Olaizola cede a Marta Leira Lamas

**Vogalía Educación para o Desenvolvemento** |

Adela Fernández Agulló cede a Juan Domingo

Quintela Vázquez

**Vogalía Programas Internacionais de**

**Cooperación ao Desenvolvemento** | Cristina

Zolle Fernández cede a Marta Sara Santidrián

Yebra - Pimentel

**Vogalía Panificación Estratéxica** | Santiago

Girón Xesteira

**Vogalía Voluntariado** | Xacobe Abel

Fernández García cede a María Consuelo

Revilla Nebreda

**Vogalía de Sistemas de Información e**

**Comunicación** | Andrés Estévez Costas

#### En abril de 2012 esta outra:

**Presidencia** | Inés Mera Rico cede a Sandra García García

**Vicepresidencia** | Ángel González Peña cede a

Adrián Castro Palmás

**Secretaría** | Sabela Pan Taboada cede a

María Vázquez Rey

**Tesouraría** | Marta Leira Lamas cede a

Francisco Puga Alonso

**Vogalía Educación para o Desenvolvemento**

| Juan Domingo Quintela Vázquez

**Vogalía Programas Internacionais de**

**Cooperación ao Desenvolvemento** | Marta

Sara Santidrián Yebra-Pimentel

**Vogalía Voluntariado** | María Consuelo

Revilla Nebreda

**Vogalía de Comunicación** | Andrés Estévez

Costas cede a Carmiña Bacariza Rey

**Vogalía Panificación Estratéxica (PE)** |

elimínase xa que o seguimento da PE é

tafeira da Xunta Directiva como grupo

### Actividades da Xunta Directiva en 2012

#### Decisións relevantes

Respecto ao funcionamento interno fíxose un gran avance na **busca de relevos para os cargos estatutarios e a vogalía de comunicación**. Resaltouse o valor da Xunta Directiva como un grupo de traballo máis e sobre todo como grupo de persoas con intereses, formación e circunstancias diferentes. Así apareceron por primeira vez na historia de ESF Galicia persoas interesadas en asumir os cargos antes da Xuntanza e a acollida no grupo púidose facer de forma progresiva, adaptándose ao ciclo de aprendizaxe de cada persoa. Entre as tarefas asumidas de forma efectiva como grupo de traballo, adquirese a responsabilidade de **velar por e mellorar a transparencia e bo goberno da asociación**. Isto inclúe supervisar que as planificacións anuais sexan acordadas á planificación estratéxica. En 2012 remátase tamén o traballo para que a asociación cumpra os **indicadores de transparencia e bo goberno** marcados pola Coordinadora de ONGD, así como o traballo para tramitar a declaración da asociación como **Entidade de Utilidade Pública**.

#### Manifestos aprobados no 2012

Adherímonos ó manifesto da **Plataforma Galega contra a Incineración e pola Reciclaxe**, que defende unha política de xestión de residuos en Galicia coherente coas 3 R (Redución, Reutilización e Reciclaxe).

#### Resumo de votacións e decisións na Asemblea de marzo de 2012

Destaca a renovación de 5 persoas na Xunta Directiva. Neste punto xorde o debate da **representatividade de ESF fronte a militancia e representatividade de partidos políticos**, que remarca a diferenza entre a definición da asociación como política pero apartidista. Tamén foi importante a **substitución da antiga vogalía de Planificación Estratéxica por unha comisión** que apoiará ao grupo de Xunta Directiva nos procesos de avaliación e creación colectiva de antigas e novas Planificacións Estratéxicas, respectivamente. A principal actividade desta comisión foi dinamizar á base social para ter un documento rematado na Asemblea de novembro.



Fotografía 4.

Presentación da nova Xunta Directiva na Asemblea Xeral de abril de 2012.

Consideramos como **Cooperación para o Desenvolvemento** toda actuación de traballo en común, tanto nas nosas actividades en Galicia coma nos países empobrecidos<sup>1</sup>, co obxectivo final de acadar o **desenvolvemento humano**, é dicir, un proceso de expansión das capacidades das persoas de xeito que poidan elixir o seu modo de vida para a busca do seu benestar.

Resumo de votacións e decisións na Asemblea de novembro de 2012

Ademais da habitual presentación e aprobación das contas e da planificación de actividades do ano 2013, que sempre ten lugar nas Asembleas de novembro destacamos:

- a presentación e aprobación da **Planificación estratéxica 2013-2017** de ESF.
- o comezo da organización do **XX aniversario** de ESF que se celebrará en 2013.

Reclamamos o traballo que estamos a desenvolver de xeito diario nas nosas sedes e grupos de traballo transversais como Cooperación para o Desenvolvemento; tanto aquelas accións concretas como todos os procesos e xeitos de facer que impulsamos. Como tampouco nos gusta a división conceptual do mundo nun Norte e nun Sur, trataremos de falar das cousas que facemos aquí e das cousas que facemos acolá; así coma da ponte que as cruza e comunica un lado co outro.

1. Falamos de países empobrecidos e países enriquecidos para facer visible que o enriquecemento duns está motivado polo empobrecemento doutros. Recordamos con este concepto a débeda externa e histórica que temos con eses países.

## 10 Cousas de aquí

### Xeitos de facer: Os grupos de voluntariado e o coidado e formación das persoas

O grupo de Voluntariado Galicia é un grupo de traballo transversal na asociación. Formámolo persoas dos grupos de voluntariado das distintas sedes de ESF Galicia e outras persoas voluntarias que se interesen no **voluntariado como un dos procesos esenciais dentro da forma de traballar da asociación**. A persoa que coordina o grupo (ou vogalía de voluntariado) forma parte ademais do grupo de Xunta Directiva. Nos anos 2011-2012 formaron parte do grupo un total de 9 persoas, de cada unha das sedes de ESF Galicia (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Santiago, Vigo). Preténdese así que todas as persoas voluntarias de maneira individual e a asociación no seu conxunto pensen en clave de voluntariado.

Todas as persoas voluntarias de ESF Galicia teñen que asinar anualmente un **compromiso de voluntariado** que ademais facilita a xestión dun seguro de voluntariado, como regula a lei de voluntariado. Non nos debemos de esquecer de que o máis importante na asociación e na sociedade somos as persoas que a integramos, e temos que **formarnos, coidarnos unhas a outras e sentirnos a gusto co que facemos**.

O noso voluntariado é un proceso de **Educación para o Desenvolvemento** polo que a formación continua das persoas voluntarias resulta **esencial** para que as nosas accións teñan validez. O voluntariado é un proceso de crecemento persoal, tanto a nivel de habilidades como de coñecemento do mundo que nos rodea. Este proceso de formación apoia a **calidade nas accións de voluntariado**.

Para isto elabórase cada ano o **plan de formación**, a partir das solicitudes dos grupos de traballo. Paralelamente ao plan de **formación formal**, dáse moita importancia ás relacións persoais ou **formación informal**. Si nos levamos ben coas persoas coas que traballamos; si compartimos, non só o traballo, senón tamén experiencias e diversións e fomentamos o espazo informal e as relacións humanas; vemos que isto repercute positivamente na nosa coordinación, satisfacción e motivación. En definitiva, é ao que chamamos **vertebrar**.

Os obxectivos estratéxicos do grupo de Voluntariado Galicia, reflectidos na Planificación Estratéxica 2013 - 2017 son:

- Fomentar o voluntariado e **promover unha cidadanía global solidaria, comprometida e crítica**
- Impulsar os espazos de **participación reflexión e crítica** para a base social

Estes obxectivos concréntanse nas actividades internas e externas levadas a cabo polo grupo cada ano. Todas as actividades das que somos responsables na asociación realízanse traballando en equipo. Explicamos algúns exemplos dos dous últimos anos.

### Divulgación do voluntariado como elemento transformador para acadar unha cidadanía global solidaria e comprometida

Fomentamos o voluntariado en si, dándolle **visibilidade ao noso discurso**, tanto de forma interna e transversal nas nosas actividades, correos de debate e no bloque; coma de forma externa, porque nos gusta ser persoas voluntarias, porque é algo que consideramos importante e queremos compartilo cos demais. En concreto, no ano 2011, enviamos unha protesta argumentada polas condicións da xustificación da subvención de Entidades de Acción Voluntaria e participamos en distintos **foros de voluntariado**. En 2012, participamos nun programa da Televisión de Galicia para presentar o voluntariado de ESF Galicia.



### Mellora continua dos procesos do ciclo de voluntariado (acolida, seguimento: formación e motivación, saída)

A acolida, seguimento - motivación e formación -, e saída das persoas voluntarias; realízanse de forma continua polas persoas do grupo de voluntariado nas sedes, sempre co apoio do grupo de traballo transversal e tendo como guía o manual de voluntariado. Ademais, reunímonos periodicamente para a revisión do manual de voluntariado. Nestas reunións intercámbianse experiencias e propóñense melloras para os procesos de voluntariado. O obxectivo é ir introducindo cambios no manual, de cara a seguir evolucionando na dirección correcta para ter un **acompañamento de persoas voluntarias de calidade**.

### Convocatoria de novas persoas voluntarias


Realízase nas sedes para difundir o traballo da asociación e do voluntariado en xeral e así **atopar novas persoas interesadas** en colaborar coa asociación. Habitualmente ten lugar de forma específica nos meses de setembro-outubro. As sedes apoíanse no grupo de traballo transversal para o intercambio de ideas e materiais. Exemplos en 2011 e 2012 foron a festa do Magosto en Compostela ou as xornadas Faltas ti en Ourense.

### Mellora continua dos espazos de comunicación interna da asociación

Consiste na motivación continua das sinerxías entre sedes e dentro das sedes. Isto conséguese coa participación das persoas voluntarias en obradoiros de formación entre sedes ou nas Xuntanzas, actividades transversais así como na participación no terceiro tempo das relacións informais, ceas, etc. Na sede de Compostela temos outro bo exemplo de actividade de terceiro tempo: o **Proxecto Ríos**. As persoas da sede adoptaron un tramo do río Tambre e acoden alí dúas veces ao ano para quitar o lixo das ribeiras, medir o caudal, recoñecer os distintos tipos de invertebrados. Os datos das análises son enviados á asociación Adega, coordinadora do Proxecto.

### Plan de formación 2011

Fixéronse **obradoiros de formación con orientación "estratéxica"**, dado que o tema estrela foi a renovación da Planificación Estratéxica. As persoas voluntarias e/ou socias tiveron a oportunidade nas dúas Xuntanzas dese ano de decidir cara onde queremos ir como asociación e como [ver apartado correspondente na memoria]. Ademais, en maio de 2011, como todos os anos desde o comezo dos **Programas de Coñecemento da Realidade** [ver apartado correspondente na memoria], PCR, organizáronse as xornadas de formación xeral e específica



**Fotografía 5.**  
Un día na ribeira do Tambre - os espazos informais como parte da comunicación interna de ESF

para as persoas seleccionadas e suplentes do programa. Ademais da definición de PCR, consellos sobre seguridade e saúde e unha presentación da asociación, o tema estrela foi a interculturalidade. Esta formación consistiu nunha introdución teórica a cargo de José Manuel Vázquez con coloquio-debate e a dinámica dos **Derdianos**. Este antropólogo e catedrático de Historia, a través da súa formación e da súa dilatada carreira investigadora falou nos sobre o choque cultural. Os temas tratados na formación específica foron os habituais: etapas e fases do proxecto, principios dos proxectos de cooperación internacional

(Manual de Proxectos de ESF), que é unha socia local?, introdución ao marco lóxico e a Honduras.

### Plan de formación 2012

Ademais dos obradoiros incluídos nas Xuntanzas [ver apartado correspondente na memoria], en abril e outubro organizáronse os últimos obradoiros para rematar a **Planificación Estratéxica** da asociación. En agosto, outubro e decembro realizáronse obradoiros sobre **Comunicación para o Cambio Social**, orientados a elaborar os liñamentos estratéxicos en comunicación da asociación. As xornadas de formación xeral e específica para as persoas seleccionadas e suplentes PCR foron en xullo. Os temas estrela en 2012 foron Xénero, cunha introdución teórica e o animado debate posterior que correu a cargo da nosa habitual colaboradora Vanessa Míguez; e **Comunicación para o Cambio Social** a cargo de Alicia, voluntaria do grupo de Comunicación.

### Novos retos do grupo

No ano 2012 iniciáronse por parte do grupo de voluntariado da asociación tres novas liñas de traballo: a promoción da elaboración de itinerarios formativos na Wiki (co obxecto de facilitar a formación continua do voluntariado); a creación dun grupo de persoas socias (para afianzar a súa participación e a súa presenza na

asociación); e a constitución dunha rede de persoas asesoras nos sectores de traballo de ESF (coa intención de manter a motivación do voluntariado máis experimentado e axudar á formación das persoas novas).

### Valoración xeral da actividade do grupo de voluntariado

O traballo en base social como pilar e eixo vertebrador da nosa estrutura asociativa debe seguir sendo prioritario, tanto de forma interna transversalizando aínda máis o seguimento das persoas voluntarias e fomentando a implicación de toda a base social na vida de ESF a todos os niveis; como de forma externa, intercambiando experiencias con outras ONGD e Administracións e coa sociedade xeral dos distintos modelos de voluntariado existentes.

## Comisión de Accións do Norte

A Comisión créase co fin de establecer un grupo de traballo regular que sexa operativo e representativo do conxunto de grupos que realizan actividades de **Educación para o Desenvolvemento (EpD)**, **Sensibilización ou Incidencia en Galicia**. A Comisión pretende que se xeren **ideas e estratexias** para que posteriormente se discutan e validen se procede na Xunta Directiva ou na Asemblea Xeral de persoas socias.

Os **obxectivos** da comisión son:

- Velar pola aplicación coherente dos principios cos que ESF entende a cooperación ao desenvolvemento na EpD.
- Velar polo cumprimento da Planificación Estratéxica da asociación no eido das accións no norte.
- Definir estratexias e mecanismos de coordinación que fortalezan todos os grupos de accións no norte da asociación.

**Formamos a comisión:**

- Vogalía de Educación para o Desenvolvemento
- Coordinación dos grupos de Sensibilización-EpD-Incidencia
- Técnico/a de proxectos en Galicia (con voz pero sen voto)
- Poderá pedirse a presenza de calquera persoa da asociación para abordar temas concretos
- Calquera persoa da asociación poderá asistir ás reunións como oínte.

## ■ Xeitos de facer: Tecendo redes

A presenza de ESF en distintas redes de traballo do terceiro sector é cada vez maior. Consideramos que a nosa participación nestes espazos é estratéxica, posto que nos permite **facer oír o noso discurso** nos foros de decisión e **ponnos en contacto con outras organizacións, outras persoas, outros puntos de vista**. A continuación enuméranse algunhas das redes nas que ESF participa de forma activa, así como algunhas das entidades coas que se ten colaborado durante os anos 2011 e 2012:

- **Federación ISF:** aportáronse dúas persoas na Xunta Federal e a participación activa de persoas voluntarias nas Cómicas e Asembleas Federais así como noutros grupos de traballo federais, destacando o grupo de comunicación, o grupo de auga e recentemente un grupo de electrónica ética. A través da Federación, ESF Galicia traballa en rede con outras plataformas estatais, como por exemplo a “Red de Agua Pública”. Nos últimos debates concluíuse que a Federación era un excelente espazo de intercambio de documentación, temas de trallo e rede de colaboración en proxectos. Cabe dicir, que nestes intres ESF Galicia está nun proceso de reflexión da estrutura federal, a súa función así como a responsabilidade que implica pertencer á rede.
- **Banca ética Fiare:** durante estes dous anos a participación de ESF Galicia no Banco Ético FIARE afianzouse e hai unha ou dúas persoas que asisten regularmente ás Asembleas. A asociación considera moi importante este tipo de iniciativas como xeito concreto e tanxible de promover o cambio social e a economía responsable como xeito de tecnoloxía para o desenvolvemento humano.
- **Arquitectos Sen Fronteiras:** durante o ano 2011 creouse unha agrupación con Arquitectos sen Fronteiras en Educación para o Desenvolvemento, a través da cal se presentou o proxecto de “Difusión do concepto de Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano a través da sensibilización e a Educación Formal na comunidade universitaria e na sociedade galega en xeral”.
- **Coordinadora Galega de ONGD, CGONGD:** Esta rede permítenos unir forzas co resto de ONGD no ámbito galego. Participase de xeito activo na Comisión de Educación

para o Desenvolvemento e na de Incidencia Política, trátase de enviar representación a todas as Asembleas Xerais e a finais de 2012 unha persoa de ESF pasou a formar parte da Xunta Directiva da Coordinadora. Destacamos neste anos de recortes en Cooperación para o Desenvolvemento, as reunións da comisión de incidencia cos grupos parlamentarios.

### Participación na Comisión de EpD da CGONGD

É un lugar onde compartir experiencias fortalecendo o traballo de ESF neste ámbito e o das demais entidades participantes para mellorar a calidade e alcance das accións de EpD en Galicia. A comisión tamén é unha rede de incidencia na liña de pór de manifesto os valores de educación para o desenvolvemento nos contidos de estudos universitarios ou na sociedade en xeral. No ano 2011, unha das principais actividades foi a organización e participación no **seminario “Avaliación de Accións de Educación para o Desenvolvemento”**.

Tamén elaborouse e publicouse en formato electrónico a “**Guía de recursos educativos das ONGD Galegas**”, que aglutina nun único documento información relacionada cos recursos educativos das ONGD da Comisión de EpD. No ano 2012, a Comisión organizou

as **I Xornadas Galegas de Educación para o Desenvolvemento** e participou na elaboración do novo plan estratéxico da CGONGD.

### Participación na comisión de incidencia política da CGONGD

Permite traballar con entidades moi variadas do sector da cooperación e do sector de entidades que traballan coas persoas máis vulnerables, sen importar o país. Apoiouse a organización dos actos da **Semana Contra a Pobreza** en Outubro, nos que se impulsou o teatro de rúa en distintas cidades galegas. Tamén se aportaron e negociaron melloras aos borradores das convocatorias de subvencións que Cooperación Galega da Xunta de Galicia abre anualmente. Destacou ademais en 2011 a campaña de **Teño unha pregunta para vostede**, que se levou a cabo o 5 de maio simultaneamente en cinco cidades galegas, con actos abertos á cidadanía onde podían preguntar a representantes dos partidos candidatos á alcaldía municipal sobre cuestións relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento. En 2012 fíxose algo parecido, esta vez televisado, incluíndo ademais unha **rolda de reunións cos distintos partidos políticos** para presentar un argumentario que puideran introducir nos seus programas.

### Universidades galegas

Elaboración dos contidos do curso “Sistemas de Información Xeográfica”

Esta actividade foi realizada en 2011 por ESF Galicia en colaboración con:

- Laboratorio de Enxenería Cartográfica da Universidade de A Coruña (Cartolab)
- Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela (Laborate)
- E a empresa Innovación, Cooperación, Cartografía e Territorio SL (iCarto)

A proposta consistiu en organizar e impartir un curso on-line “**Emprego das Tecnoloxías de Información Xeográfica no ámbito da cooperación para o desenvolvemento**”. O curso estivo dirixido a persoas que traballen no mundo da cooperación internacional e que desexen iniciarse no ámbito das Tecnoloxías da Información Xeográfica, TIX, priorizándose a participación de persoas ligadas ao sector de cooperación galego. A posta en común da experiencia de traballo en cooperación ao desenvolvemento e formación das organizacións participantes permitiu **elaborar un curso que cobre unha carencia formativa no ámbito específico dos Sistemas de Información Xeográfica**.

Participación na I Feira da Sustentabilidade da Universidade de A Coruña (UdC)

En abril do 2011 a Oficina de Medio Ambiente da UdC realizou no aparcadoiro de socioloxía a “I Feira da Sustentabilidade” na cal participaron máis de 10 asociacións que **promovían un modo de vida máis respectuoso co medio ambiente**. ESF participou levando unha **exposición sobre a xestión de residuos** aproveitando o material xerado durante a campaña “Mes da Sustentabilidade”. Durante a xornada incidíuse na importancia de re-utilizar e reducir residuos e explicouse como se debía facer a separación de residuos para a súa correcta reciclaxe.

Participación nas xornadas de Cooperación Internacional de MEIGA USC

Organizadas en 2011, foron xornadas destinadas a dar a coñecer o traballo de diferentes ONGD dentro da cooperación internacional. A sesión na que participamos consistiu en **explicar a metodoloxía de traballo que segue ESF nos proxectos de cooperación internacional e mostrar a realidade na que viven as persoas beneficiarias dos mesmos**. Nunha sesión de dúas horas mostramos os colectivos que están implicados nos nosos proxectos, como se relacionan entre eles e a importancia da coordinación e a comunicación para acadar os resultados esperados. Ademais explicouse como se identifica, executa e avalía un proxecto.

## Educación para o desenvolvemento (EpD)

Entendemos a Educación para o Desenvolvemento como un proceso educativo constante que favorece a comprensión sobre as interrelacións económicas, políticas, sociais e culturais entre o Norte e o Sur, que promove unha conciencia crítica, así como valores e actitudes relacionadas coa solidariedade e a xustiza social e busca vías de acción para acadar un desenvolvemento humano sostible. Parte dunha análise en profundidade que cuestiona o modelo de desenvolvemento imperante e promove o cambio a nivel individual, local e global a medio e longo prazo.

### A Coruña, 2011 e 2012

Introdución á Cooperación para o Desenvolvemento

É unha materia de oferta xeral da Universidade da Coruña recoñecida con 4'5 créditos de libre configuración que se imparte durante o segundo cuatrimestre os martes de 18.00 a 21.00 na Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos. Nela faise unha **análise crítica da cooperación para o desenvolvemento** e a acción humanitaria. Ao mesmo tempo que **denuncia as causas das desigualdades**, preséntanse posibles solucións. Fálase do papel que xogan as ONGD, os estados e os organismos internacionais no desenvolvemento global. Paralelamente introducíense os conceptos de desenvolvemento humano, cooperación, tecnoloxía para o desenvolvemento e sensibilízase no acceso a servizos básicos. A materia está dirixida ao estudiantado da UdC pero está aberta a todo aquel que desexe asistir. As clases teñen un enfoque participativo fomentando sempre a implicación do alumnado e primando o aprendizaxe interactivo.

En 2011 houbo na organización da materia unha mestura óptima persoas voluntarias novas e antigas conseguindo ter **novos ánimos e novas ilusións sen perder experiencia**, o que posibilitou que as clases fosen amenas e divertidas, tendo unha relación fluída co alumnado sen perder en ningún momento os obxectivos da actividade. Nesta edición houbo **56 persoas matriculadas** e a asistencia a clase foi elevada, ademais en todas as sesións houbo un mínimo



**Fotografía 6.**  
Alumnas e alumnos da materia Introducción á Cooperación para o Desenvolvemento. A Coruña



**Fotografía 7.**  
Alumnas e alumnos traballando en grupo no curso de Soberanía Alimentaria, Lugo

de dúas persoas que asistiron como oíntes, chegando a un máximo de oito. A actitude na aula por parte do alumnado foi **activa e produtiva** tanto na recepción de novos coñecementos chegando a presentar propostas temáticas para futuras edicións e implicándose na organización das clases como na participación nos debates e actividades pensadas polas persoas voluntarias. O ano 2012 foi o de **renovación neste grupo de traballo**. A posta en marcha foi tardía e o traspaso de poderes entre o anterior grupo e o actual foi feito sen seguir ningunha estratexia ou plan o que dificultou a organización da actividade. A pesar destas trabas púidose manter a calidade de cada clase e a satisfacción das **40 persoas matriculadas** non se viu resentida.

### Lugo, 2011 e 2012

VI e VII Curso Tecnoloxía e Cooperación para o Desenvolvemento Humano

Durante os meses de marzo e abril de 2011 e 2012 leváronse a cabo as VI e VII edición do curso no Campus de Lugo. Realizáronse unha serie de relatorios e debates a través dos cales déuselle ao alumnado unha visión global e próxima das causas da pobreza e das desigualdades no mundo. Participaron persoas relatoras pertencentes a diversas asociacións do ámbito local e galego coma

tamén persoas voluntarias de ESF. Mostráronse outras realidades e alternativas baseadas na disposición da tecnoloxía para o desenvolvemento humano (TpDH) coma ferramenta para acadar un modelo alternativo de desenvolvemento máis xusto.

No ano 2011 este curso era a primeira actividade que organizamos as persoas voluntarias da sede de Lugo dentro de ESF. Como experiencia persoal e de grupo foi moi enriquecedora, así como a nivel de aprendizaxe de conceptos relacionados coa tecnoloxía para o desenvolvemento humano. No ano 2012, a organización desta edición do curso foi novamente unha gran oportunidade para a participación das novas persoas voluntarias da sede de Lugo, tanto na súa aprendizaxe persoal coma na experiencia de voluntariado dentro de ESF. A participación tanto do alumnado coma dos relatores foi moi positiva, creando un ano máis un espazo de reflexión, participación e debate moi enriquecedor.

I e II Curso Desenvolvemento Rural, Comercio Xusto e Soberanía Alimentaria

En decembro do ano 2011 e novembro do 2012 realizouse no Campus de Lugo a primeira edición deste curso sobre soberanía alimentaria. A través destas xornadas, perséguese mostrar ao alumnado unha **visión das causas e consecuencias do neoliberalismo nun mercado global**. Ademais, móstrase un novo modelo de desenvolvemento baseado na capacidade e no dereito dos pobos para **definir o seu propio modelo agroalimentario**, sostible e enmarcado na xustiza social.

A primeira edición do curso en 2011 tivo unhas connotacións moi especiais. Para as escasas persoas voluntarias que formábase a sede de Lugo cando nos dispuxemos a crear estas xornadas, foi un reto moi motivador e enriquecedor, que se chegou a converter nun vínculo moi especial. Despois de ofrecelo a toda a xente que quixera participar, acabou **superando todas as nosas expectativas**, tanto en asistencia, debate coma en implicación persoal do alumnado. Xa no ano 2012 fomos vendo como pouco a pouco se foron consolidando estas xornadas, dentro do campus de Lugo, coma unha cita significativa para tratar a temática da soberanía alimentaria. Tivo unha **grande resposta por parte do alumnado universitario, cunha importante asistencia e participación nas xornadas**. Como experiencia de voluntariado, serviu novamente para afianzar os vínculos das persoas con unha traxectoria máis ampla dentro da asociación e así coma a motivación, integración e aprendizaxe das recentemente chegadas ao grupo.

## Ourense, 2012

I Xornadas da Auga, o conflito mundial

Organizouse como un foro de intervención de expertos sobre a situación do **acceso á auga** no mundo, e o **tratamento mercantilista** que se está a tomar, tamén no noso país, sobre ese dereito fundamental. Realizouse no campus de Ourense da Universidade de Vigo, na Facultade Politécnica, o día 8 de maio de 2012. As persoas que asistiron quedaron satisfeitas coa información facilitada, motivadas e concienciadas para coidar o seu uso, sobre todo no tocante do enorme consumo de auga na produción industrial e da calidade da auga de traída en España.


Alternativas fronte á crise, asociacionismo e cooperativismo

Foi a presentación en Ourense do **proxecto Fiare, banca ética** que está dándose a coñecer en Galicia e comezando a funcionar como cooperativa de crédito. Tamén interveu un membro da **Filé Fento**, para explicar o seu proxecto de traballo en rede para emprendedores. Moi interesante presentación do proxecto de banca ética, que esperta interese entre as persoas emprendedoras. Asistiron en torno a 20 persoas e contou con diversas aparicións en prensa.

## Santiago, 2011 e 2012

VI e VII Curso de Tecnoloxía e Cooperación para o desenvolvemento humano

O grupo de Educación para o desenvolvemento de Santiago de Compostela en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, organizou nos meses de marzo e abril dos anos 2011 e 2012 a sexta e sétima edición do curso Cooperación e Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano. Os cursos celebráronse na Escola Técnica Superior de Enxeñería (ETSE) en modalidade semi-presencial (60 horas) e contan con dous créditos de libre configuración. A través deles, quíxose mostrar ao alumnado unha **visión global das causas e consecuencias da pobreza e da desigualdade no mundo e a necesidade de xuntar esforzos e adquirir un compromiso activo para poder combater esas situacións**. Para todo elo, empregouse un enfoque participativo coa realización de dinámicas, debates e relatorios impartidos non só por membros de ESF, senón que se contou coa colaboración doutras entidades, tanto asociacións como movementos sociais (Médicos do Mundo, Amigos da Terra, Foro de Inmigración, ACP, Sociedade Galega de Educación Ambiental, etc), profesorado das universidades galegas e outros organismos vinculados á cooperación.



Fotografía 8.  
Mesa informativa das Xornadas da Auga, Ourense

Na edición do ano 2011 contou con **29 alumnos** e alumnas que obtiveron certificado final de asistencia ao 80% das sesións do curso. O grupo de educación para o desenvolvemento busca que o curso sexa preferentemente participativo, destacando a boa disposición do alumnado para intervir tanto nas dinámicas como nos debates. **As crónicas dos relatorios realizadas polos alumnos foron recollidas no bloque**. Como mostra do bo ambiente reinante no curso, ao final do mesmo, varias alumnas e alumnos decidiron unirse ao grupo organizador na cena de clausura do curso. Na edición do ano 2012 contou con **20 persoas**, 11 mulleres e 9 homes. O enfoque do curso foi participativo, destacando a boa disposición do alumnado para intervir tanto nas dinámicas como nos debates. Unha valoración xeral do alumnado realizouse durante a última sesión do curso

onde destacaron o que máis lles gustou e o que menos do curso. De forma excepcional, o curso **integrouse no Foro Internacional da Auga** [ver apartado correspondente] polo que se contou coa inestimable participación de persoal técnico das socias locais que colaboran con ESF en Honduras, El Salvador e Nicaragua.

Charla sobre Educación para o Desenvolvemento no Curso de Formación Básica de Voluntariado da USC, anos 2011 e 2012

A oficina de integración e participación universitaria convidounos a no Curso de Formación Básica en Voluntariado os días 15 de novembro de 2011 e o 6 de outubro de 2012, na Facultade de Matemáticas en Santiago de Compostela. Neste espazo expúxose a través de dinámicas participativas o **concepto de EpD** e explicouse cal foi a súa evolución ata o día de hoxe. A esta actividade asistiron unhas **80 persoas** da comunidade universitaria.

No ano 2011, non se recibiu por parte da USC ningunha valoración sobre a charla en si, así do único que se dispón e das impresións dos relatores, é dicir, as persoas voluntarias do grupo de EpD. En base a estas, cabe dicir que o relatorio, a pesar do gran aforo, foi moi participativo pois a xente tomou parte non só das dinámicas senón que xurdiron **debates e**

**valoracións espontáneas do alumnado**. A valoración das persoas voluntarias que impartiron o relatorio no **ano 2012** foi positiva, xa que a participación por parte do alumnado nas dinámicas e temas de debate foi alta. Había diversas opinións na sala polo que se tivo que cortar o debate nalgunhas ocasións para dar cumprimento á programación da charla. O tempo foi limitado, polo que houbo que adaptar os contidos.

## Vigo, 2011 e 2012

Curso "Un mundo desigual: retos e perspectivas"

Realizouse do 19 ao 23 de setembro de 2011, integrado no programa de cursos ofertados pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo. O número de asistentes ao curso en 2011 foi de **45 persoas**, incluídas as persoas voluntarias de ESF. No ano 2012 a actividade non puido executarse porque o número de matriculados non acadou o mínimo necesario. Trátase dun curso de Educación para o Desenvolvemento, cunha duración de 30 horas, no que se pretende proporcionar ao alumnado ferramentas e información **para analizar criticamente o binomio riqueza/pobreza**, na medida en que, construído historicamente non é estático e inevitable, senón que pode transformarse de moitos xeitos. Preténdese que o alumnado comprenda os **procesos de globalización económica e a configuración dun mundo polarizado e diverso e tome conciencia activa do crecente proceso de pauperización** do noso entorno inmediato, adquirindo un compromiso solidario en favor das persoas empobrecidas e excluídas.

Os resultados das avaliacións recibidas sobre o curso foron positivos, tanto en relación coa valoración do equipo docente, como coa organización e a calidade e desenvolvemento do programa do curso, cunha puntuación global próxima ao 4 (sobre 5). Outro dato positivo a ter en conta e que a maior parte dos vídeos foron vistos en máis de 200 ocasións. Mais alá da valoración das persoas externas a ESF que asistiron, pensamos que tanto a asistencia como a propia organización do curso teñen repercutido positivamente nas persoas voluntarias da sede de Vigo, por varias razóns. Por un lado a propia **cohesión do grupo**, ao verse involucrado nun proxecto común que necesita moitas horas de dedicación e compromiso. Por outra banda, a **colaboración con outras organizacións**, que amplía a nosa visión do mundo. Por último, pola propia **formación recibida no curso**.

Participación no Obradoiro de “Voluntariado, participación e cooperación internacional” da Universidade de Vigo

O obradoiro realizouse en marzo de 2012, na Universidade de Vigo. A charla na que participou ESF foi o día 15, e tratáronse os seguintes temas:

- Que é ESF e como entende os proxectos de cooperación e o voluntariado
- Interculturalidade
- Auga e proxectos de auga en ESF
- Enerxía e proxectos de enerxía en ESF

No obradoiro inscribíronse **14 persoas** de entre 21 e 26 anos, de distintas titulacións da Universidade de Vigo. Aínda que non tiñan experiencia no tema, mostraron interese, participaron no debate e fixeron aportacións. A valoración xeral da experiencia é **positiva**.

Charla sobre “Tecnoloxía apropiada”

O 23 de maio de 2012, tivo lugar en Vigo a charla titulada “Tecnoloxía apropiada” a cargo de Antonio Ríos Hucha, voluntario de ESF, destinada tanto ás persoas voluntarias da propia sede de Vigo como ao público en xeral. O obxectivo da charla era introducir o concepto de tecnoloxía apropiada, a través de experiencias en proxectos noutros países, e reflexionar sobre **como a tecnoloxía pode modificar o estilo da vida das persoas e o seu contorno, e cando se adapta as necesidades reais da poboación**. A charla asistiron o redor de 15 persoas. Dado que o número de novas persoas voluntarias na sede de Vigo, no momento no que tivo lugar a charla, era importante; consideramos que a presentación de conceptos fundamentais para ESF como poden ser a tecnoloxía apropiada era moi positivo como parte do proceso de **acollida de xente nova** na organización.



**Fotografía 9.**  
Paneis da Exposición para o Mes da Sustentabilidade. A Coruña.

## Sensibilización

Entendemos a sensibilización coma un proceso divulgativo e informativo levado a cabo mediante accións puntuais, polo cal se pretende facer ver unha realidade e denunciar situacións de inxustiza, educando a través da profundización sobre un tema concreto, tentando espertar unha visión crítica no público xeral ou definido, empregando para iso calquera modo de difusión e esperando unha concienciación permanente.

### A Coruña, 2011

No ano 2011, o grupo de Sensibilización de Coruña dedicouse a traballar no “**Mes da sustentabilidade**”, unha campaña conformada por varias accións que teñen como obxectivo incidir e **concienciar á sociedade sobre a importancia do respecto ao medio ambiente e de adoptar os cambios precisos para desenvolver formas de vida respectuosas co noso planeta**.

### A Exposición

Entre o 21 de marzo e o 15 de abril de 2011 difundíuse o contido da campaña a través dunha exposición itinerante entre distintas Facultades no campus de Elviña. A actividade tivo como obxectivo informar sobre os **residuos** xerados polo ser humano, non tanto no proceso de tratamento dos mesmos, senón en canto a acadar unha redución que permita **non malgastar as fontes, recursos e materias primas do planeta**. Dentro da mesma exposición atopamos tres paneis xigantes dedicados aos “Tres R”: Reducir, Reutilizar e Reciclar. Cada unha contaba con extensa información sobre as actividades e costumes cotiáns que se poden levar a cabo para unha mellora na nosa xestión de residuos. Un cuarto panel explica esquematicamente o funcionamento dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR) co fin de achegar información ao público sobre estas complexas tecnoloxías de transformación de residuos. A exposición tamén contaba cunha pequena parte dedicada a tratar o tema da **enerxía, o seu uso e consecuencias da sobre-explotación e sobre-consumo**, que foi cedida pola organización ecoloxista Verdegaiá. Nos primeiros días da exposición, en cada unha das escolas, fixéronse dinámicas co alumnado sobre os métodos de aforro de auga nas tarefas diarias, e sobre a separación doméstica de lixos para desbotalos nos contedores de reciclaxe correspondentes.

“Pecha a billa” e “Apaga o candil”

Paralelamente á exposición, leváronse a cabo estas dúas pequenas campañas. A primeira delas consistiu na medición e posterior **corrección das billas da Escola de Camiños**; esta actividade acompañouse con carteis informativos sobre o correcto emprego da auga. A segunda campaña consistiu na pegada de **carteis informativos sobre o consumo e aforro de enerxía** xunto as claves da luz das aulas da mesma escola.

Mesa redonda sobre a Lei de Augas de Galicia

Co obxectivo de aportar algo de luz sobre a **controvertida Lei de Augas**, convidáronse a seis persoas expertas con diferentes **profesionais expertos no eido da xestión das augas e o medio ambiente**, tentando representar as diferentes posicións establecidas, co fin de poder ofrecer base informativa abonda para que as persoas asistentes puidesen conformar a súa propia opinión respecto a este tema.

O debate tivo lugar na Escola de Camiños o xoves 31 de marzo do 2011 e presidiron:

- D. Francisco Menéndez, Presidente do Organismo Autónomo Augas de Galicia.
- D. Joaquín Suárez, Dr. Enxeñeiro de Camiños, profesor na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños e membro do GEAMA, Universidade da Coruña.
- D. Manoel Docampo, membro da dirección executiva do Sindicato Labrego Galego.
- Dna. Montserrat Valencia, asesora xurídica da Asociación Amigos da Terra.
- D. Xosé Alfredo Pereira, Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.
- D. Henry Laiño, coordinador rexional de Aquaguest.

**A Coruña, 2012**

Nace o grupo de incidencia

A finais do ano 2012, as persoas que formaban o grupo de Sensibilización da sede coruñesa, decidiron reconverterse en grupo de incidencia política para traballar desde esa nova perspectiva o problema do acceso á auga potable.

## Por que un grupo de Incidencia en ESF?

“Entendemos que o acceso universal á auga potable e o saneamento é un gran reto político, no que as iniciativas partidistas da sociedade civil organizada toman un papel fundamental no desenvolvemento e mantemento de modelos sociais, económicos e medioambientais eficaces, para a súa consecución.”

**Guillermo Alberto Castro Botello,**  
voluntario do grupo de Incidencia de A  
Coruña.

**Lugo, 2011**

I Feira de Asociacións Socioculturais  
Celebrouse os días 8, 9 e 10 de abril na Praza da Soidade, Lugo. Mediante este evento pretendeuse **dar a coñecer as actividades** que desenvolven as organizacións lucenses, así como buscar voluntariado na cidade. Dado o seu carácter de apoio público e sinérxico, converteuse nun espazo idóneo para o achegamento de ESF á poboación lucense, especialmente ao resto de colectivos e asociacións locais.

**Santiago, 2011 e 2012**

Pretendeuse achegar á cidadanía as causas das desigualdades internacionais a través das experiencias vividas nos **proxectos de desenvolvemento rural impulsados por ESF en Honduras e Nicaragua**. A campaña tratou tamén o problema do Sáhara Occidental, complementando deste xeito o tema da soberanía alimentaria co problema dos conflitos políticos que xera a crise da soberanía popular dos pobos. A campaña “**Achégate a coñecer outras realidades**” compúxose das seguintes accións:

Exposición itinerante

Tratouse dunha mostra gráfica na que se explican distintos proxectos que ESF leva impulsando no exterior, ademais de

incluir unha serie de paneis informativos sobre o conflito do Sahara Occidental. Resulta moi difícil contabilizar o impacto creado nunha actividade deste estilo. A posibilidade de expoñela tanto no ano 2011 coma no 2012 na Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela permitiunos darnos a coñecer entre un **público máis heteroxéneo** do que frecuenta os espazos universitarios. No ano 2012, o grupo de sensibilización en colaboración cos grupos de proxectos internacionais estiveron a traballar en dúas novas exposicións.

Postos informativos

Esta actividade se levou a cabo só no ano 2011. Colocáronse cinco mesas informativas en cinco facultades dos Campus Norte e Sur de Santiago de Compostela nas que se deu a coñecer entre o alumnado universitario as distintas actividades e temáticas nas que traballa ESF.

Ciclo de Cine

A través do formato proxección audiovisual, pequena charla explicativa e debate; celebráronse na Facultade de Historia no ano 2011 e na Facultade de Filosofía no ano 2012, dous ciclos de cine que tiñan como obxectivo fundamental achegar o coñecemento de outras realidades e afondar na **reflexión das múltiples crises que está a sufrir a “soberanía” (popular, alimentaria, enerxética)**.

No ano 2011, o Ciclo de Cine supuxo un **reto para o grupo** de Sensibilización de Santiago, pois era a primeira vez que se apostaba por esta ferramenta de sensibilización. Por iso, no primeiro ano, fíxose unha **selección de distintos documentais relacionados con Centroamérica e con temáticas de traballo de ESF**, sen buscar un fio condutor que dirixise as distintas sesións. No ano 2012, creouse un ciclo **vertebrado pola idea da crise das soberanías** e abordouse desde un punto de vista filosófico, político, desde a perspectiva da Soberanía Alimentaria e Enerxética. En ningún dos dous anos se conseguiu dotar ao ciclo dun crédito de libre configuración, polo que a asistencia ao mesmo foi moi limitada. Porén, grazas a esta actividade, **aproximámonos ao movemento 15M de Santiago** que precisaba dun espazo para unha conferencia sobre Decremento relatada por Carlos Taibo. Como as persoas do 15M ian ser relatoras na derradeira sesión do ciclo, cedémoslle o Salón de Actos da Facultade de Filosofía. A xornada foi moi interesante e exitosa (asistiron en torno a 60 persoas) e supuxo un claro exemplo de creación de sinerxías en rede.

## Vigo, 2011

### Campaña "Apaga o Candil"

Realizouse principalmente durante os meses de abril e maio de 2011, nos centros do ámbito tecnolóxico da Universidade de Vigo. O material empregado na campaña segue en uso. O obxectivo da campaña "Apago o candil" era dobre: por unha banda **concienciar sobre o deber de facer un uso eficiente da enerxía**, e por outra banda **mostrar a desigualdade en canto ao acceso á enerxía que hai entre os países ricos e os empobrecidos**. Para levar a cabo a campaña deseñáronse unhas **pegatinas** que se colocaron nas aulas, baños, e bibliotecas das escolas de Enxeñaría de Telecomunicación e Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo. A estrutura da pegatina consistía no logo da actividade (muller apagando un candil) acompañado dunha cita acerca das desigualdades entre Norte e Sur no tocante ao acceso á Enerxía. Algúns exemplos de citas escollidas son:

- Unha galega consume a mesma cantidade de electricidade nun día que unha angolana en 47.
- Coa enerxía que aforras apagando o teu PC durante 2 horas e media poderíanse moer 5 kg de trigo, o 6% do consumo per cápita anual deste cereal nos países empobrecidos.

A campaña completouse co deseño de banners, similares as pegatinas, co gallo de poder incluílos en páxinas web. A campaña tivo unha **boa acollida** tanto por parte do alumnado como do profesorado dos centros onde se levou a cabo. Cada vez é menos frecuente atopar aulas valeiras coas luces prendidas. Sen embargo, non temos unha valoración obxectiva sobre o impacto das citas.

## Foro Internacional da Auga, 2012

O Foro Internacional da Auga foi unha actividade que **implicou a moitas sedes e grupos de traballo de ESF Galicia**. Xorde coa vontade de ser un espazo de encontro no que se debata e reflexione sobre as distintas vertentes que engloban o **dereito humano á auga**. Convidamos a catro poñentes internacionais das nosas **socias locais**: Flor de María Moya, Alcaldía de Marcovia (Honduras), Aracely Herrera, La Cuculmeca (Nicaragua), Oscar Ortiz, ACUA (El Salvador), Leana Corea, CODDEFFAGOLF (Honduras).

Ademais foron convidadas tres persoas integrantes da **rede estatal "Red Agua Pública"** a través das organizacións ás que representan e por outra banda, tivemos 14 persoas, representando os **movementos en Galicia polo dereito a auga, a soberanía alimentaria e as políticas de cooperación**.



Fotografía 10.

Pegatina da Campaña Apaga o Candil, Vigo.

O foro organizouse en cinco sesións diferentes:

- 20 e 21 de marzo, na Escola de Camiños da Coruña, abordando o problema actual sobre o Dereito Humano á auga, os procesos de privatización en España, os conflitos **da xestión en Galicia**, así coma **a situación do recurso hídrico en Centroamérica**.
- 22 e 23 de marzo, na Escola de Enxeñaría de Compostela, abordando principalmente o tema da **soberanía**



Fotografía 11.

Mesa Redonda sobre a mobilización e a participación social en Centroamérica e Galicia. Compostela.

**alimentaria, a relación entre auga e xénero, a mobilización e participación social en Centroamérica**, así coma as consecuencias das desigualdades e as políticas de cooperación.

- 24 de marzo, no centro Sargadelos de Vigo, cunha única intervención sobre **políticas e axentes de cooperación**.

O obxectivo principal destas sesións foi xerar un encontro institucional para compartir experiencias na loita polo Dereito Humano á auga. A "guerra mundial pola auga" está a provocar conflitos nos cinco continentes ligados a xestión deste recurso, unha difícil situación na que se constata a converxencia de tres grandes faías:

**A crise de sustentabilidade:** a contaminación, a destrución dos ecosistemas acuáticos, a construción de grandes infraestruturas hidráulicas ou a deforestación entre outras, que están a xerar movementos pola defensa da ecoloxía, a biodiversidade e os ecosistemas.

**A crise de inequidade:** esta situación aumenta de xeito exponencial a vulnerabilidade das comunidades máis empobrecidas, que sofren as peores consecuencias da destrución e contaminación das reservas naturais de auga. Por outra banda, constátase unha segunda inequidade, a sufrida polas mulleres desas comunidades empobrecidas, pois xogan un papel central na obtención, manexo e distribución deste líquido vital.

**A crise de gobernanza:** que tende a transformar ós cidadáns en clientes, facendo da auga un ben co que negociar baixo as leis da oferta e a demanda dos mercados, marxinando aos que dispoñen de menos recursos económicos e alimentando ás grandes empresas privadas multinacionais.

Fomos conscientes de que o Dereito Humano á Auga é unha excelente plataforma para entender outras cuestións fundamentais e moi relacionadas como son a solidariedade, o medio ambiente ou a soberanía alimentaria. Xerouse un espazo dunha grande riqueza de discurso, debido á grande diversidade de posicionamentos e visións, desde os diferentes sectores que traballan o tema do acceso á auga potable. Pola contra, na execución da actividade cometéronse erros que sen dúbida reduciron o impacto do mesmo como a postergación de gran parte do traballo ata as semanas previas ao foro, a falta de persoas moderadoras das sesións e a excesiva ambición coa que se planificou o evento, por enriba das posibilidades do voluntariado da asociación.

## 11 Imos... e volvemos: os Programas de Coñecemento da Realidade

O Programa de Coñecemento da Realidade (PCR) implica a estancia de persoas voluntarias en países obxecto de Cooperación coa intención de seren formadas no contexto do proxecto, activar o seu pensamento crítico e capacitarse con criterios de actuación, para converterse, así, en mellores activistas sociais. Entre 2011 e 2012 participaron un total de 7 persoas no Programa de Coñecemento da Realidade. Elas e eles recibiron unha formación xeral e específica para posteriormente realizar a estancia de dous meses de duración en Honduras, cun compromiso de fortalecemento da asociación e difusión da súa experiencia á volta.

**Cooperar:** Para nacer, pecharse e volver a nacer, o círculo deste programa precisa de persoas comprometidas con principios como a concepción integral da cooperación, o protagonismo da poboación local, o enfoque de xénero ou os criterios relacionados coa sustentabilidade.

### A Comisión PCR

A Comisión PCR está formada por distintas persoas voluntarias da organización co obxectivo de establecer e executar as fases do proceso que vai dende a convocatoria dos PCR ata a súa selección, formación e avaliación da estancia.

**Aprender.** Existen coñecementos menos técnicos, unha formación humana que nace en cada conversa, en cada ollada desprovista do filtro eurocéntrico, que nos axudan a identificar as cousas importantes da vida para todas as persoas en calquera parte do mundo.

“Para min ter colaborado neste proceso, e incluso ter sido coordinador da comisión PCR, aínda que sempre axudado polos máis veteranos, foi unha oportunidade de asumir unha **responsabilidade** distinta dentro da organización. Resultoume un traballo interesante, entretido e tamén moi grato, sobre todo tendo en conta que eu viña de ser PCR e agora figuraba “ao outro lado” do proceso. Foi moi interesante sobre todo nas entrevistas e nas posteriores valoracións e debates que os membros da Comisión facíamos entre nós sobre as persoas candidatas. Por iso que, dado que se tiveron en conta as opinións de todas as persoas que participamos e que lle dimos non poucas voltas, estou seguro de que foron a Honduras os PCR que tiñan que ir.”

Victoriano Fabeiro Balboa, PCR 2011 e coordinador da Comisión PCR 2012



Fotografía 12.

Persoas PCR durante a súa estancia en Honduras en 2011.

“O meu PCR foi bastante **particular** por dúas razóns: unha porque a miña estancia non coincidiu con ningunha outra persoa PCR, e outra polas características especiais do traballo que fun realizar, vinculado ao traballo de campo do Estudo Multitemporal das Camaroneiras, realizado polo laboratorio **LaboraTe da USC** dentro do proxecto Gallardo I. Tamén coincidiu cun momento de parón nos proxectos debido aos atrasos nos pagamentos da Xunta de Galicia. No proxecto de desenvolvemento rural na zona hondureña de Namasigüe, fíxose pouca actividade durante a miña estancia, pero fíxose algo máis nun proxecto teoricamente finalizado, o proxecto de Soberanía Alimentaria en Laure (sur de Honduras), onde tivo lugar a miña estancia na comunidade AugasZarcas (máis curta do normal debido a necesidades do traballo). Tamén se realizou unha visita de seguimento post-proxecto ás comunidades da microcunca de Sasle en Jinoteqa (Nicaragua, onde ESF levou a cabo proxectos de desenvolvemento rural xa finalizados). Pode ser que fose nesta parte da estancia onde máis aprendín.

Unha das cuestións que máis valoro da experiencia é o **coñecemento e o traballo coa socia local**, e a achega ao Estudo Multitemporal das Concesións Acuícolas, cuxo traballo de campo foi a actividade principal do meu PCR, unha labor moi interesante, que ademais me achegou bastantes coñecementos sobre a forma de vida e de traballo das persoas pescadoras locais. Unha conclusión á que cheguei é a necesidade de actuar máis en **sensibilización, incidencia e capacitación de socias locais e persoas beneficiarias**; e menos en cuestións inventariables. Sobre todo creo que fai falta moita sensibilización ás socias locais en canto a economía de recursos e valoración do diñeiro que gasta, e que transmitan esta sensibilización á poboación meta.”

Álvaro Trillo Cayón - PCR grupo Desenvolvemento Rural 2011



“Mentres o avión aterraba no aeroporto de Toncontín (Tegucigalpa) miraba extasiada os numerosos outeiros sen saber que aí transcorrería a maior parte da miña estanza PCR. Durante seis semanas vivín en San Francisco de Coray, unha vila á que só se podía acceder cun bo “todoterreo”, sempre que as riadas o permitisen. Vivín nun contexto rural increíble onde puíden apreciar de primeira man os proxectos. O que máis me impresionou foi o gran traballo das familias participantes. Vía constantemente a persoas indo dun lado para outro cargando sacos de area, ladrillos e máis material a través de pequenos camiños empinados, esvaraizos e a pleno sol. Os meus ollos estaban cheos de admiración mentres paraba cada dous pasos para respirar fondo. Tamén me quedaron marcados os relatos das mulleres (e a miúdo dos nenos) sobre as súas odiseas en busca de auga, sobre todo na estación seca, os seus sacrificios e sobre como cambiará a súa vida agora. Lévome tamén moitas charlas, risas, xogos con nenos e novos ollos. Todas estas emocións espero transmitilas nesta nova fase PCR nos relatos da miña experiencia. A miña estanza en Honduras fíxome apreciar a importancia do traballo co meu grupo, seguir os proxectos desde aquí. Ter a posibilidade de seguir colaborando coa formulación de novos proxectos e, tamén hai que dicilo, ter un pouco de envexa das próximas persoas PCR.

A experiencia, como todas as cousas, tivo os seus momentos positivos e negativos. Pero a balanza sen dúbida vaise ao positivo. Puíden coñecer unha nova cultura, empaparme dela, confrontarme cos seus aspectos positivos e cos negativos (segundo o meu punto de vista, claro). Isto levoume, á miña volta, a intensificar un sentimento de intolerancia sobre algúns aspectos da realidade na que vivo, dos seus valores preconfeccionados e a miúdo inventados. Espero que estas aprendizaxes poidan dalgunha forma perdurar no meu interior e que me empurren a ser máis crítica e inserir cambios na miña vida.”

Daniela Conte – PCR grupo Auga 2012

Transmitir. O retorno da persoa PCR supón converterse no suxeito activo en canto á transversalidade da Educación para o Desenvolvemento en todo o proceso, é dicir, a experiencia adquirida serve para artellar máis cousas na procura da xustiza social.

## Entrevista

María Novoa, PCR 2012 do grupo de Desenvolvemento Rural, a: Olga Patricia González, Amanda Reyes Cruz e María Luisa Solano; participantes do proxecto de fomento da Soberanía Alimentaria nas comunidades de Namasigüe (sur de Honduras)

Visita ao proxecto da Comunidade de Guamerú (Namasigüe)

*O proxecto que se está a impulsar na comunidade de Guamerú avanza cada día grazas aos esforzos das persoas que nel traballan. Péchase a primeira fase do proxecto para dar paso á segunda. Durante a miña estanza, realiceí dúas visitas ao terreo nas que puíden comprobar os avances na construción do centro de acopio. Tiven a oportunidade de falar con algunhas das mulleres que, unha vez rematadas as obras de construción, serán as encargadas de xestionar ese centro de comercialización dos produtos pesqueiros*

Pregunta: Vostedes serán algunhas das beneficiarias do centro de acopio, canto tempo levan organizadas?

Resposta: Levamos dous anos dentro da organización (Campes) que é un grupo mixto de persoas campesiñas e pescadoras. Os pescadores venden o peixe e o camarón no mercado de Choluteca a prezos moi baratos, hai veces que medio o regalan. Teñen un

intermediario que é quen o vende alí. Pero o intermediario é ao final o que se leva os cartos, porque o vende a un prezo moi superior.

P: Cren que mellorarán os seus ingresos con este centro de acopio?

R: Por suposto, nós venderíamos o peixe e os camaróns directamente, así evitaríamos os intermediarios. Vender aquí significa que as ganancias son para nós. Levamos moito tempo solicitando nas distintas asembleas que este proxecto sexa posible.

P: Como repercutirá na comunidade este centro?

R: Nós pensamos nos fillos e no futuro. Eles poderán traballar aquí e iso será moi bo. Traeralles unha mellor calidade de vida. Aquí, fíxese ben, todo é moi precario, non hai traballo, ninguén traballa en empresas. As camaroneiras teñen á súa xente elixida, que non é de aquí; eles apoian á xente desorganizada, non lles interesa un grupo coma o noso que está a loitar polos seus dereitos.

P: Que desexan para o futuro?

R: Queremos saír da escravitude e que deixen de violar os nosos dereitos, como mulleres temos que demostrar que si podemos loitar. Fíxese que a muller é a que se dá conta das necesidades da comida, as que se preocupan por que as cousas estean limpas, que os fillos e as fillas vaian á escola. O home dá algo de cartos pero non ten nin idea do que realmente ocorre. El dáche algo de cartos e di “se non te axustas, aí te quedas”, cando os cartos que dan son moi poucos, e isto se tes sorte e non gastan todo bebendo por aí.

Nós queremos vivir do que gañamos e non agardar a que veñan a darnos uns poucos pesos. Temos moitas ideas así que estamos esperando a que o centro estea listo para poder comezar a limpar e vender peixe. Tamén se falou de facer tortillas para venderlle ás camaroneiras, e a ver se se nos ocorre algunha cousa máis. O importante é estar organizadas. Nós o que queremos é saír do machismo dos homes e non depender deles economicamente.

## 12 Actuamos alá... Honduras!

### Comisión de Programas de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, (PICD)

En ESF temos unha concepción integral da **Cooperación Exterior**: Identificamos os factores sociais, económicos, técnicos, culturais, éticos, ambientais e políticos dos países nos que traballamos mediante equipos de traballo pluridisciplinares. Os plans de acción que se levan a cabo son integrais e perseguen efectos multiplicadores para garantir a súa continuidade unha vez rematada a cooperación exterior.

#### O Plan País en Honduras

Actualmente, ESF só desenvolve proxectos de Cooperación Exterior na **zona Sur de Honduras (Golfo de Fonseca)**, a onde se chegou por primeira vez no ano 2008, a través do Programa de Xestión do Recurso Hídrico que finalizou neste ano 2012. Posteriormente, iniciáronse máis actuacións na zona relacionadas coa temática da Soberanía Alimentaria e o desenvolvemento rural sustentable. Debido a esta traxectoria e ás distintas temáticas traballadas, desde a Comisión de Programas Internacionais de Cooperación ao Desenvolvemento (PICD), quérese levar a cabo unha planificación do traballo que ESF fai na zona do Golfo de Fonseca co obxectivo de consensuar unha estratexia común para todos os grupos que traballan a cooperación exterior en Honduras.

O Plan País é, polo tanto, unha **planificación da estratexia de traballo que ESF quere seguir a facer en Honduras, construída en base á experiencia que xa temos na zona e ás leccións aprendidas**. Ao longo do ano 2012, o traballo consistiu na busca de documentación para contextualizar o país e os sectores de actuación, acordando que se realizarían tamén unha serie de entrevistas a persoas chave para coñecer a súa opinión sobre a estratexia que debe seguir ESF en Honduras. Búscase xerar un documento froito dunha reflexión colectiva que involucre a máis axentes que poidan ofrecer unha visión “desde fóra”.

Para recoller esta información, as persoas que viaxaron aos proxectos no ámbito dos Programas de Coñecemento da Realidade (PCR) durante o ano 2012 fixéronlle entrevistas ao persoal das socias locais coas que traballamos directamente nos proxectos e tamén a persoas doutras institucións hondureñas coas que se traballou na execución dalgunhas actividades.

A **data de finalización deste documento será marzo de 2013**, para poder presentalo en Asemblea á base social. Ao longo do primeiro trimestre do 2013 rematarase o contexto introdutorio e analizarase a información recollida nas entrevistas.

### As socias en Honduras

En ESF cremos na **participación dos axentes locais**. Traballamos noutros países contando co protagonismo das nosas socias locais, adaptando as intervencións no terreo ás peculiaridades culturais e aos ritmos que o desenvolvemento sustentable require para o seu empoderamento. A cooperación debe ser identificada como necesaria e plenamente aceptada polas socias locais, pola poboación destinataria e os grupos vulnerables, procurando que a acción sexa liderada por estes de xeito que participen no seu deseño e desenvolvemento.

Consideramos ás **socias locais de Honduras como parte da estrutura da propia organización**. Non son entidades externas ou alleas ao noso organigrama e por este motivo gustaríanos seguir impulsando espazos de diálogo e intercambio. A memoria de actividades parécenos unha oportunidade para incluír aquelas cousas que as socias locais lle queiran contar ao resto de base social de ESF. Por iso, abrimos o diálogo:

**Quen son as nosas socias locais? Que pensan do traballo desenvolvido conxuntamente? Como ven elas a colaboración futura?**

**Alcaldía de Marcovia:** Marcovia é un municipio da costa do Golfo de Fonseca que conta cunha poboación aproximada de 37.284 persoas, das cales un 82% aproximadamente é poboación rural. ESF traballa concretamente coa Unidade Técnica Municipal da Alcaldía (UTM), unha unidade con capacidade técnica e institucional abondas para facerse cargo do servizo de auga e saneamento e da planificación dos recursos hídricos que pretenden impulsar os proxectos de ESF. Desde o ano 2008 que se iniciou a colaboración, o proceso de alianza foi conxunta en ideas, execución, seguimento e auditoría.

*“As leccións aprendidas, críticas, ideas para mellorar en colaboracións futuras que temos son:*

- *As estruturas téñense que axustar e establecer normas claras para un traballo consistente.*
- *A toma de decisións conxuntas evita problemas.*
- *O apoio mutuo é necesario porque a carga estacional tende a encerrar as accións só no traballo pero non permite desenvolver outro tipo de roles.*
- *A existencia dentro das municipalidades de fondos destinados a ONG permite suplir as carencias, dirixindo as actuacións de acordo a unha planificación ordenada.*
- *É preciso manter ao persoal que inicia un proxecto para que sexa esa persoa quen o finalice, porque deste xeito os peches non terían problemas.*

*O último ano 2012 foi o ano máis difícil polo desfase económico, a aglomeración de traballo en relación ao peche de programas e á apertura de novos proxectos. Porén, a satisfacción do labor cumprido superou ao esforzo realizado. O noso interese como municipalidade é a superación da pobreza en cada comunidade na que se atopa.”*

**Comité de Defensa de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF):** É un movemento social ambientalista co que ESF leva traballando desde hai cinco anos. O primeiro contacto fíxose a través da representante de ESF en Honduras naquel momento, Mireia Carrera (primeira expatriada de ESF), para a formulación dun programa na liña de auga e saneamento. Posteriormente, a alianza continuou, consolidándose especialmente na liña de soberanía alimentaria.

*“Para nós é moi importante que as organizacións expatriadas como ESF xeren capacidades nas socias locais como CODDEFFAGOLF, iso facilita o traballo mentres dure a alianza e garante que serán sustentables as accións unha vez que esa alianza se disolva. Por outro lado, máis aló de compartir intereses en temas específicos, as socias locais deben compartir tamén ideoloxías e valores que lles permitan unha real cooperación, independentemente de que obteñan fondos para executar proxectos.*

*Desde o noso punto de vista, a maior meta dun proxecto non é emitir o informe final coas súas fontes de verificación (probos que demostren que se levaron a cabo as actividades). O verdadeiro reto comeza cando nos comprometemos co desenvolvemento da xente e cando podemos dar probas visibles da mellora da súa calidade de vida. Mentres as socias locais só pensemos en actividades concretas, o desenvolvemento non despegará; é cando iniciamos procesos cando, sen dúbida, se verán os resultados.*

*No ano 2012 traballouse con ESF dun xeito excelente, mellor que nos anos anteriores, xa que co tempo conformamos un equipo de traballo consolidado e coñecemos, aínda que fose vía skype, á xente de ESF en España. Un moi bo ano, produtivo e de moita consolidación entre ambas entidades. Por iso no futuro cremos que imos ir a máis, que faremos realidade moitos soños dos movementos sociais encamiñados a mellorar a calidade de vida da xente, a obter máis xustiza social e a promover un cambio de valores.”*

Save the Children Honduras: É unha organización sen ánimo de lucro especializada en temas de dereitos infantís, risco de desastres, preparación para emerxencias, axuda humanitaria e programas a longo prazo.

*“A relación con ESF iniciouse no ano 2009. A coordinación con ESF Galicia foi moi produtiva e sempre mantivéronse moi boas relacións ao longo do proxecto. Desde o inicio da intervención e cos diferentes representantes de ESF en Honduras, coordinouse o proceso de forma favorable en todas as actividades do proxecto.*

*Dentro das alianzas e coordinacións durante o proxecto, foi de suma importancia a que se logrou coa Universidade de A Coruña, en todo o referente ao software, ao deseño e impulso do software do proxecto e todas as capacitacións realizadas por parte de ESF para fortalecer os coñecementos do noso persoal técnico.*



**Fotografía 13.**

As socias locais con persoas voluntarias de ESF Galicia durante a súa visita en marzo de 2012, Vigo.

*No ano 2012, tivemos o máximo apoio técnico no impulso das actividades do proxecto, na súa execución técnica e financeira, así como en todo o referente ao peche do mesmo. En todas as etapas do proxecto houbo unha coordinación eficaz e conxunta para o logro dos resultados previstos. Ademais, foron de grande axuda as intervencións das persoas PCR que visitaron as comunidades e que brindaron valiosos aportes no traballo de gabinete como foi a revisión e edición do Plan de Xestión Integral do Recurso Hídrico, dos informes e outros documentos correspondentes ao peche do programa. No futuro queremos coordinar alianzas para o impulso de programas e proxectos nas liñas de intervención de Save the Children e ESF.”*

## Os grupos de traballo de Programas de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento

### O grupo de Auga, A Coruña

Redución da vulnerabilidade en áreas empobrecidas a través do acceso á auga potable, ao saneamento e á xestión sostible do recurso hídrico e do territorio, con enfoque de cunca hidrográfica

As socias locais de ESF en Honduras son Save the Children Honduras, a Alcaldía de Marcovia e CODDEFFAGOLF. O programa de acceso á auga potable comezou no ano 2008 e remata en 2012. Foi financiado pola AECID en San Francisco de Coray e pola Xunta de Galicia en Marcovia.

Obxectivos específicos do programa

Mellorar a **calidade do recurso hídrico** dos municipios de San Francisco de Coray e Marcovia. **Fortalecer ás institucións locais** para a mellora das súas capacidades orientadas á ordenación e planificación do territorio con enfoque de cunca. Impulsar a promoción e difusión de **tecnoloxías apropiadas e modelos de xestión sostible** dos recursos naturais no medio rural centroamericano.

En 2011, en San Francisco de Coray:

Este sistema de información xeográfica permitiu a creación de alternativas de construción de sistemas de abastecemento e saneamento. O gvSIG Fonsaqua presentouse ás comunidades da municipalidade. Realizáronse capacitacións sobre o programa tanto ás comunidades e ás

escolas como á socia local, así como campañas a favor do medioambiente, como un concurso de debuxo nas escolas do municipio que tivo unha moi boa acollida.

Realizouse unha avaliación intermedia da AECID que abrangueu o último cuadrimestre do ano 2010 e o primeiro mes de 2011, con moi boas conclusións en favor ao traballo de ESF en Honduras. As recomendacións foron dirixidas a **ampliar as redes de traballo** locais e coa Oficina Técnica de Cooperación en Honduras, máis capacitacións en xénero para as socias locais e traballar máis en **visibilizar exemplos de éxito** para motivar e informar ás persoas das comunidades.

En 2011, en Marcovia:

Tivo lugar un considerable avance ao lograr a cohesión institucional das actividades con CESCO (Centro de estudio y control de contaminantes), SANAA (Servicio Autónomo Nacional de Acueductos y Alcantarillados) e o Ministerio de educación, a través da dirección de escolas e a participación das Xuntas de Auga no Foro Municipal de Auga, realizado ao principio de ano. Ademais, continuouse co traballo de levantamento de información.

En 2012:

Rematouse o proxecto coa **construción das latrinas e pozos restantes**. Realízanse tamén as capacitacións pendentes, e os informes de avaliación externos. Os resultados de ditas avaliacións aínda non están dispoñibles.


**Abastecemento e saneamento na comunidade de San José de Las Conchas no municipio de Marcovia**

Obxectivos específicos do programa

Mellorar a **xestión do recurso hídrico de xeito sostible** no caserío de San José de las Conchas.

En 2012:

Comezou o proxecto con reunións cos axentes e labores de planificación. Sen avances materiais segundo a información coa que contamos. O proxecto rematará en 2013 e é financiado pola Xunta de Galicia.



**Fotografía 14.**  
Persoas beneficiarias apoiando nunha perforación, El Terrero, Honduras.



**Fotografía 15.**  
Persoal técnico das socias locais traballando sobre un mapa de zonas da microcunca, Namasigüe, Honduras.

**O grupo de Desenvolvemento Rural (ou Grupo Agro), Santiago de Compostela** Fortalecemento da soberanía alimentaria e do uso racional dos recursos naturais en 10 comunidades da Microcunca Quebrada Gallardo, Municipio de Namasigüe, Departamento de Choluteca, Honduras A socia local de ESF en Honduras é CODDEFFAGOLF. A fase 1 do proxecto comezou en 2011 e rematou en 2012. A fase 2 comezou en 2012 e rematará en 2013. Ambas fases foron financiadas pola Xunta de Galicia. O grupo Agro contou coa colaboración dos grupos de EpD para actividades de sensibilización en Galicia.

Obxectivos específicos do proxecto

Promover **sistemas de produción sostible de alimento e o uso racional dos recursos naturais** na Microcunca da Quebrada Gallardo no Municipio de Namasigüe.

En 2011:

Executouse a **primeira fase** do proxecto. Realizáronse seis talleres de socialización nos cales se divulgaron os compoñentes do proxecto e sensibilizouse sobre conceptos como **soberanía alimentaria e conservación dos recursos naturais**. Tamén se socializou o proxecto coas autoridades locais do municipio de Namasigüe, coas que se acordou coordinar accións de seguimento

ao proxecto a través da Unidade Ambiental Municipal. Levantáronse 150 **Plans de Manexo de Finca** (PMF) orientados a establecer un ordenamento dos sistemas de produción familiar e uso sostible dos recursos naturais, adaptados á tecnoloxía gvSIG, para o que previamente se desenvolveron 10 talleres comunitarios nos que se traballaron sobre **ferramentas participativas** dirixidas a involucrar a toda a familia na planificación da leira.

A partir dos PMF proporcionáronse **sementes de diversas especies hortícolas** así como bandexas sementeiras para a implantación dos hortos familiares, ditas accións complementáronse cun proceso formativo no establecemento dos hortos e en prácticas asociadas á produción e á conservación do chan e do medio ambiente (principalmente o manexo do chan e a non aplicación de químicos). Realizouse unha campaña de sensibilización ambiental sobre o **ecosistema manglar e bosque doce**. Formouse unha comisión técnica para coordinar e dirixir a formulación do estudo multitemporal das concesións acuícolas. E para rematar, preparáronse os Termos de Referencia (documento que contén as especificacións técnicas, obxectivos e estrutura de como executar un determinado proxecto ou actividade) para desenvolver os talleres de formación en xénero e masculinidade.

En 2012:

Iniácese a segunda fase do proxecto no mes de novembro por retrasos no financiamento. Instálanse **25 sistemas de microrrego**, segundo os PMF redactados na Fase I, e iníciáanse os **obradoiros sobre o seu manexo**: comézase tamén co reparto de material vexetativo ás 150 familias (mango, guayaba, laranxa, limón persa, caña, aloe vera e valeriana) e realízanse os obradoiros de reforzo sobre conservación de chans e manexo de frutais; distribúese o bocashi (abono orgánico fermentado) e realízanse os obradoiros de abonado e **control de pragas orgánico**. Paralelamente, repártese o material para a construción de **galíñeiros**, impártense os módulos de sanidade e alimentación de aves e proporciónaselle ás familias produtos veterinarios para o control de parasitos. Por último, contrátase o servizo de formación de fortalecemento de CODDEFFAGOLF en economía alternativa.



Fotografía 16.  
Home no seu galiñeiro, atendendo ás galiñas,  
Namasigüe, Honduras.

Promoción de produción sustentable e uso racional dos recursos naturais a través da implementación de sistemas de rego na Microcunca Quebrada Gallardo do Municipio de Namasigüe, Honduras

A socia local de ESF en Honduras é CODDEFFAGOLF. O proxecto, que é un complemento do proxecto descrito anteriormente, comezou en 2012 e rematará en 2013. O proxecto foi financiado polo Concello de Lugo e a Deputación de A Coruña. O grupo Agro contou coa colaboración dos grupos de EpD para actividades de sensibilización en Galicia.

Obxectivos específicos do proxecto  
Promover sistemas de produción sostible de alimento e o uso racional dos recursos naturais na Microcunca da Quebrada Gallardo no Municipio de Namasigüe.

En 2012:  
Deséñanse e implántanse 37 microsistemas de rega por qoteo nas parcelas de 37 familias beneficiarias das comunidades da Microcunca de Quebrada Gallardo, e realízanse as correspondentes capacitacións ás familias sobre o seu manexo.

## 13 A equidade, un obxectivo clave para o desenvolvemento humano. Grupo de xénero

Consideramos imprescindible adoptar o enfoque ou a perspectiva de xénero (entendéndoa como o medio de acadar a equidade entre homes e mulleres) como eixo transversal e transformador en todas as accións, non só no deseño das nosas accións, senón tamén no día a día da asociación e nas relacións entre as persoas que a forman.

Para iso, tratamos de orientar as nosas actividades cara a igualdade entre os sexos mediante o empoderamento da muller e a súa participación activa na sociedade; a igualdade de oportunidades á hora de acceder a recursos e beneficios; e, en definitiva, a concienciación da existencia dunha fenda de xénero e a loita por reduci-la e eliminala

O grupo de xénero nace a mediados do 2011 a raíz dun proceso de reflexión entre diferentes persoas da asociación sobre o enfoque que se lle estaba dando a nivel interno da transversalización da igualdade de xénero en si e da súa materialización nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Detéctase así a necesidade dun grupo dedicado exclusivamente a iniciar e levar esta reflexión ao resto das persoas que forman parte de ESF.

### Actividades no ano 2012

Obradoiro sobre feminismo: a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en ESF:  
Na xuntanza de novembro de 2012 realízase a primeira actividade do grupo de xénero, un exercicio colectivo que da pé ao inicio deste proceso reflexivo analizando como se xeran as desigualdades a nivel global e tentando facer un pequeno diagnóstico inicial sobre como está a levar a cabo a incorporación da perspectiva de xénero ESF Galicia. A actividade en si foi positiva, sendo un punto de arranque para o inicio dun cambio intra-organizacional pro equidade de xénero, se ben na actualidade non existe un grupo de persoas fixas e estables con dispoñibilidade suficiente como para poder liderar dito cambio na asociación. Así pois, a situación na que se atopa o grupo de xénero é que conseguiu abrir unha liña de debate interna na asociación á espera de que máis persoas de ESF Galicia queiran unirse e formar parte do grupo continuando co traballo comezado.

### Obradoiro de Teatro Social con Enfoque de Xénero

Esta actividade enmárcase dentro das accións de sensibilización que realizou ESF Galicia no 2012. Dito taller ten como obxectivo chegar ao persoal voluntario de ESF unha nova ferramenta de sensibilización, facendo unha aproximación ao teatro social a través de diversas dinámicas teatrais e tendo en conta a perspectiva de xénero ao longo de todo o proceso. O taller, dinamizado polo Grupo de Teatro da Oprimida da Coruña, foi realizado na fin de semana do 15 e 16 de decembro e contou cun total de 16 participantes das cales 6 eran membros de ESF. Así pois, non só se conseguiu chegar unha nova ferramenta ao voluntariado da asociación, senón que foi unha actividade que fixo que o resto de persoas coñeceran a ESF Galicia e un dos problemas nos que traballamos: o acceso aos servizos básicos e, máis concretamente, o problema de acceso e control á auga por parte das mulleres.

## 14 Comunicación para o cambio social. Grupo de comunicación

Ao longo de moitos anos houbo varios intentos por conformar un grupo de comunicación estable dentro de ESF. No ano 2012, a aposta fíxose definitiva ao transformar a vogalía de Xestión de Sistemas da Información nunha vogalía de Comunicación. Así, desde a vogalía iniciouse o proceso de definición das liñas de traballo da Comunicación dentro da Planificación Estratéxica, e para impulsar a formación interna na reflexión da importancia de emitir e comunicar.

### Actividades no ano 2012

Con motivo do proceso reflexivo que implicou a Planificación Estratéxica, desde o grupo de comunicación de ESF xerouse un **debate** no que se concluíu que o modelo de comunicación que mellor encaixa coa filosofía da asociación é un modelo mixto, no que **cada grupo de traballo xestiona a súa propia comunicación** (a través do acceso a todas as ferramentas comunicativas) apoiándose nun grupo de comunicación a nivel Galicia que dará máis **apoio en traballos de estrutura ou xerais** (Memoria de actividades, formación interna, modelos de notas de prensa, actualización de bases de datos, entre outras).

Así, no ano 2012, o grupo planificou unha **“Caravana comunicativa”** a través da cal se levaron a cabo **obradoiros de creatividade** en Santiago, Vigo e Lugo. En cada un dos obradoiros se creaba unha peza de comunicación (un anuncio de contrapublicidade, unhas pezas de “grequerías” e xogos de palabras, e unha tradución de linguaxe técnica a linguaxe cotiá). A idea é que as persoas participantes **perdan o medo a comunicar o que fan e busquen a creatividade e a orixinalidade nas súas emisións**. Por outra banda, o grupo de comunicación foi o encargado de realizar esta **Memoria de Actividades**, que contou coa participación activa de todos os grupos de traballo de ESF.

MOITÍSIMAS GRAZAS!

A comunicación para o cambio social é un concepto vivo. Define un proceso social e educativo de carácter cíclico que busca a relación, a posta en común e a participación colaborativa entre as persoas.

Deste xeito, este modelo comunicativo promove os procesos, non os instrumentos, e entende que o uso da tecnoloxía debe dimensionarse de acordo ás necesidades de cada proceso comunicacional e á capacidade de apropiación das persoas involucradas.



## Ferramentas comunicativas de ESF Galicia

Xa desde 2010 temos en marcha **novas canles de comunicación 2.0 como o podomatic, slideshare, o twitter e a páxina de ESF en Facebook**. Ademais continuouse co envío do Resumo Bloqueiro Mensual a modo de boletín (pódense ver todos os exemplares no bloque de vida asociativa), así como co mantemento da web e os bloques de Vida Asociativa, Materia de Introducción á Cooperación e Honduras.

A continuación pódese ver o listado de canles 2.0 de ESF Galicia.

- Web: <http://galicia.isf.es>
- Bloque de vida asociativa: <http://esfgalicia.blogspot.com>
- Bloque da Materia de Introducción á Cooperación: <http://esf-icd.blogspot.com>
- Bloque de ESF Galicia en Nicaragua: <http://esfnicaragua.blogspot.com>
- Bloque de ESF Galicia en Honduras: <http://esfhonduras.blogspot.com>
- Twitter: <http://twitter.com/esfgalicia>
- Facebook: <https://www.facebook.com/pages/Enxeñería-Sen-Fronteiras-Galicia/134176569953668>
- Podomatic: <http://esfgalicia.podomatic.com>
- Youtube: <http://www.youtube.com/user/esfgalicia>
- Na wiki [http://esf.gpul.org/AREAS\\_DE\\_TRABALLO/Comunicacion](http://esf.gpul.org/AREAS_DE_TRABALLO/Comunicacion) están as liñas editoriais de cada canle.

Ademais pódense consultar as **aparicións en 2010 en prensa e en medios dixitais na aplicación delicious** que empregamos como repositorio de prensa: <http://delicious.com/esfgalicia/2010> e tamén no podomatic ou youtube no caso de aparicións na radio ou televisión respectivamente.

## 15 Dous grupos imprescindibles para unha boa xestión interna

### Grupo de Sistemas da Información

Continuou coa súa labor de mantemento das listas de distribución de correos, a nosa ferramenta de comunicación interna mais habitual, así como da páxina Web. Tamén xestionan as altas e baixas das listas e das persoas usuarias da Intranet. O resto de ferramentas comunicativas de ESF Galicia xestionáronse de forma transversal polos diferentes grupos de traballo da asociación.

### Grupo de Administración e Tesouraría

Como parte do noso compromiso coa transparencia e grazas ao gran traballo do grupo, en 2011 e 2012 superáronse as auditorías externas das contas da asociación correspondentes aos anos 2010 e 2011, respectivamente. A contabilidade de 2012 xa está pechada e preparase a principios de 2013 a auditoría externa das contas da asociación correspondentes ao ano 2012. Os informes de auditorías superadas desde 2009 (correspondente ás contas de 2008) pódense consultar na web.

O grupo aportou para a elaboración desta memoria a conta de resultados e o balance da asociación para ambos anos 2011 e 2012.

Gustaríanos engadir que a información económica presentada a continuación é unha imaxe fiel do estado da asociación pero ten carácter unicamente informativo. Para unha maior exactitude ou detalle pódese acudir ás memorias económicas anuais publicadas na web ou escribir a [info@galicia.isf.es](mailto:info@galicia.isf.es)


### CONTA DE RESULTADOS (€)

GASTOS	2011	2012	INGRESOS	2011	2012
PROXECTOS DE COOPERACIÓN	80.836,53	174.877,4	CUOTAS DE PERSOAS SOCIAS	14.345	14.490
			CUOTAS DE PERSOAS USUARIAS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS	2.620	3.435
EPD E SENSIBILIZACIÓN	21.495,97	37.973,86	SUBVENCIONS PÚBLICAS		
XESTIÓN XERAL E COMUNICACIÓN			ADMON. CENTRAL	0	800
PERSONAL PROXECTOS	59.586,01	59.746,52	ADMON. GALEGA	146.430,8	273.700,7
PERSONAL ADMON.	11.783,69	12.693,12	CONCELLOS E DEPUTACIONS	25.318	9.390,4
OUTROS GASTOS XERAIS	17.083,84	18.371,96	UNIVER. E COLEXIOS PROF.	1.380	844,01
SEGUROS	1.661,20	1.352,14	ORGANISMOS INTER	0	0
			DOAZONS E OUTRAS APORTACIONS	2.228,95	358,36
			SUBVENCIONS PRIVADAS	0	0
			INTERESES FINANCIEROS	70,15	256,67
			OUTROS INGRESOS	2.207	86,9
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>192.447,24</b>	<b>305.015</b>	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>194.599,9</b>	<b>303.362,04</b>


### BALANCE (€)

ACTIVO	2011	2012	PASIVO	2011	2012
Inmobiliado	4.021,46	2.460,54	Reservas	130.766,12	130.005,74
Subvencións pendente ingreso	161.075,24	274.154,04	Subvencións pendentes aplicar	142.324,63	282.566,69
Outros debedores	1.423	844,01	Acredores	3.403,6	3.891,87
Tesouraría e inversións financeiras	109.974,65	139.005,71	Outro pasivo	0	0
Outro activo	0	0			
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>276.494,35</b>	<b>416.464,3</b>	<b>TOTAL PASIVO</b>	<b>276.494,35</b>	<b>416.464,3</b>

INGRESOS 2011



INGRESOS 2012



- CUOTAS DE PERSOAS SOCIAS
- CUOTAS DE PERSOAS USUARIAS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS
- SUBVENCIONS PÚBLICAS
- DOAZONS E OUTRAS APORTACIONS
- SUBVENCIONS PRIVADAS
- INTERESES FINANCIEROS
- OUTROS INGRESOS

GASTOS 2011



GASTOS 2012



- PROXECTOS DE COOPERACIÓN
- EPD E SENSIBILIZACIÓN
- XESTIÓN XERAL E COMUNICACIÓN
- OUTROS GASTOS XERAIS
- SEGUROS



## 16 Sedes e contacto de ESF Galicia

Información xeral ESF Galicia | info@galicia.isf.es

### A Coruña

E.T.S.E. de Camiños Canais e Portos.  
Campus Elviña s/n  
15071 A Coruña  
Tfno: 981 167 000 Ext. 1479 | fax: 981 167 170  
corunha@galicia.isf.es

### Lugo

Escola Politécnica Superior  
Local de ESF e IV Ciclo  
Campus Universitario s/n  
27002 Lugo  
Tfno: 982 285 900 Ext 23006  
lugo@galicia.isf.es

### Ourense

Local nº3 no pavillón de asociacións no  
recinto vello da universidade, xunto ao  
estanque.  
ourense@galicia.isf.es

### Santiago

Escola Técnica Superior de Enxeñaría  
Campus Vida (antigo campus Sur)  
Rúa Lope Gómez de Marzoa  
15782 Santiago de Compostela  
Tfno: 981 563 100  
compostela@galicia.isf.es

### Vigo

Local nº4 - Edificio Miralles  
Campus Lagoas Marcosende s/n  
36310 Vigo  
vigo@galicia.isf.es

### Honduras

Barrio el centro, antiguo local del seguro social.  
Calle principal al lado de trigalía, San Lorenzo,  
Valle, Honduras  
Tfno: 00504 27813273  
honduras@galicia.isf.es

## 17 Agradecementos

**De Chelo para Alicia** por tirar cando eu non podía e por responder cando eu tiraba. Polos ánimos para non perder o entusiasmo nos momentos desmotivantes, xa fosen en persoa ou por correo internacional urxente (Email). Polo círculo vicioso de enerxía positiva contaxiosa nos momentos de máxima motivación. E sobre todo por convencerme de que realizar esta actividade ía ser, ademais dun traballón, unha oportunidade para reflectir a variada riqueza social e humana que se esconde nesta asociación.

**De Alicia para Chelo** pola eficacia máis que probada en todo tipo de actividades, especialmente naquelas que implican iniciar e tirar dun proceso de colaboración colectiva. Por ser a persoa máis motivada de todo espazo físico e virtual e por vincularse tanto tantísimo na elaboración dun documento que, sen a súa participación, non tería saído nin unha cuarta parte de ben. Grazas pola motivación e a alegría, así dá gusto traballar!

**De Alicia e Chelo para as demais persoas que participaron na actividade** polos ánimos e a vosa cariñosa colaboración na redacción das fichas, polas vosas críticas construtivas, por aturar os nosos numerosos correos e pola vosa, pronta ou tardía, pero sempre motivante resposta. Un

abrazo especial para Marta, contratada da Federación Española de ISF, por facer posible a publicación desta memoria gracias ao seu traballo de maquetación e sobre todo por recibir sempre cun sorriso virtual os nosos numerosos correos de dúbidas e de comunicación de atraso do prazo de entrega do borrador.

**De ESF Galicia para a nosa base social, 78 persoas voluntarias, 4 persoas contratadas e 196 persoas socias**, que son auténticos axentes transformadores da sociedade e cren e apoian o traballo da asociación. Un abrazo ao resto das asociacións de ISF que conformamos a Federación Española de Ingeniería Sin Fronteras así como ás socias locais en Honduras.

E tamén os nosos agradecementos institucionais a:

### Institucións públicas

- Alcaldía de Marcovia (Honduras)
- Deputación da Coruña
- Concello de Lugo
- Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia. Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
- Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID)
- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

### Centros docentes, universidades e departamentos universitarios

- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo
- Escola Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña
- Escola Politécnica Superior de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela
- Escola Técnica Superior de Enxeñaría, Universidade de Santiago de Compostela
- Laboratorio de Ingeniería Cartográfica da Universidade da Coruña (Cartolab)
- Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela (LaboraTe)
- Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña
- Servizo de Participación e Integración Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela

### Outras organizacións

- A Cova da Terra
- Amigos da Terra
- Asociación FIARE Galiza
- Comité para la Defensa y Desarrollo de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF)
- Coordinadora Galega de ONGD
- ONGAWA Ingeniería para el Desarrollo
- Save The Children Honduras
- Misión Biológica de Galicia. CSIC
- Grupo de Programadores y Usuarios de Linux (GPUL)

E a moitas institucións e persoas que faltan aquí e nos apoiaron e apoian en facer deste mundo, un lugar máis humano!!!!



**Enxeñería Sen Fronteiras Galicia**  
Tfno: 981 167 000 Ext. 1479 | fax: 981 167 170  
[info@galicia.isf.es](mailto:info@galicia.isf.es) · [www.galicia.isf.es](http://www.galicia.isf.es)

